


TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA







TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º 2 | NOVEMBRE 2009

© dos textos: os autores

© da edición: Conseyeiría de Cultura y Turismo

EDITA: Gobierno del Principao d'Asturias.

Conseyeiría de Cultura y Turismo

PROMOVE: Conseyeiría de Cultura y Turismo

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

CONSEYO DE REDACCIÓN: Luis Casteleiro Oliveros,
Aurora García Rivas, M.^a Antonia Pedregal Montes
y Xosé Miguel Suárez Fernández.

Maqueta: Mercedes Piñera

Diseño: Ámbitu

Fotografías: Verónica Peláez (páxinas: 1, 3, 4, 6, 13,
14, 25, 28, 32, 38, 43, 44, 50, 57, 58 y 60); y

Francisco Villamil (páxinas: 2, 8, 10, 15, 16, 22, 24,
26, 31, 40, 54 y 59)

Depósito de Llei: As-4.144-2008

Impresión: Gráficas Rigel

EXEMPLAR DE BALDRE

Sumario

- 7 Presentación: Manter el llume da nosa lliteratura
- 9 Anduvo. **José Manuel Martínez Castro** [NARRACIÓN]
- 11 Welcome to Spain! **Moisés Cima Fernández** [NARRACIÓN]
- 13 Poemas. **Arturo Álvarez Fernández** [POESÍA]
- 17 Raska, mamá. **Alba González Fernández** [NARRACIÓN]
- 19 Hestoria d'amor y de desamor. **Rafael Cascudo Noceda** [NARRACIÓN]
- 23 Poemas. **Alfredo Álvarez de Ponticella** [POESÍA]
- 29 El que che deixan, vólvelo. **Emma Méndez** [NARRACIÓN]
- 33 A mosca. **Katherine Mansfield** [TRADUCCIÓN]
- 37 Lonxe da terra en que nacín. **José Manuel Campoamor de Lafuente** [POESÍA]
- [RESEÑAS]
- 41 Queixas y layas nun mundo revolto. **José Antonio Fernández Vior** [*Cartografía de nayundes*, de Moncho Martínez Castro]
- 45 Ouro de muita valía. **Xuan Bello** [*Augua mansa*, de Xosé Miguel Suárez Fernández]
- 47 El mundo de Domingo. **Mónica Loza López** [*Domingo y os animais*, de Belén Rico Prieto]
- 49 Un conto pra saber compartir. **Fanny López Valledor** [*Rebelión na caixa máxica*, d'Aurora García Rivas]
- 51 El espírito dos libros. **Ignacio Vares** [*Binoca*, de Marisa López Diz]
- 55 Entre ermaos... **Belén Rico Prieto** [*Como el can y el gato*, d'Aurora Bermúdez Nava]



El I Encontro d'escritores en gallego-asturiano, celebrado na Veiga en outubro del ano 2008, valíu pra fer evidente el cambeo y el progreso que d'us anos a esta parte se ta dando na lliteratura en gallego-asturiano.

Trabatel nacéu nel marco d'aquel Encontro col ánimo de constituír un espacio de referencia prá lliteratura en gallego-asturiano. Con ese mesmo espírito y col mesmo agayo chega agora este número 2, que deixa claro cómo nel occidente asturiano hai un colectivo de creadores con us esmolementos compartidos y con úa conciencia del sou papel.

El gallego-asturiano goza del favor da xente del occidente, que lo percibe como algo mui vivo, mui querido y identificativo del sou xeito de ser. Y a lliteratura que s'espresa en gallego-asturiano é consustancial a esa percepción. Por eso, *Trabatel* quere converter nun foro anual unde se podan escuitar as voces, plurales, d'esa creación lliteraria.

Debaxo d'este *Trabatel* ides a atopar un bon mañuzo d'escritores agayosos que queren cultivar artísticamente a súa llingua, xa súa en prosa ou en verso, ademáis d'un repaso crítico al actualidá lliteraria en gallego-asturiano. Métese tamén dalgúa novedá destacable, como a traducción d'un relato de Katherine Mansfield o a recuperación d'un poeta que se vén a amecer á nómina histórica de creadores en gallego-asturiano.

A revista acoye asina a escritores de tendencias diferentes: dende aquellos qu'escoyen esquemas máis clásicos hasta os que queren miyor outiar un horizonte novo, enllazando cua estética y temática máis actuales. Suxerindo ventás novas pero achegándose tamén a llumieiras veyas, *Trabatel* quer crear un espacio común y seguir axuntando nas súas páxinas a os poetas y prosistas del occidente asturiano.

Complementariamente, dous fotografías novos ilustran col sou arte a publicación. Verónica Peláez Baniela (Salcedo, Navia, 1986) estudióu Artes Plás-

ticas y Diseño en Fotografía Artística na Escola d'Arte d'Uviéu, y rematóu a súa formación con un trabayo sobre fotografía nocturna en espacios urbanos col uso da lluz dispoñible. Fran Villamil (Tapia, 1991) é estudante del Ciclo Superior de Fotografía en Uviéu. A ellos agradecemoses el sou trabayo tan bon.

Neste número de *Trabatel*, as palabras del gallego-asturiano tein a forza del sentimento y da imaxe. Pasen y gocen.



Anduvo

JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO (XIXÓN, 1962), CON ASCENDENCIA NAS FIGUEIRAS, DEUSE A CONOCER COMO NARRADOR EN GALLEGO-ASTURIANO AL GANAR SEGUIDAS A SEGUNDA Y TERCEIRA EDICIÓN DEL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS CON «EL AMIGO» (1992) Y «JEMMY BUTTON» (1993), CONTOS QUE PARECERON DESPÓIS NEL LLIBRO *Lletras novas* (XEIRA, 2000). DENDE 1997 EMPEZÓU A COLABORAR CUA REVISTA *Entrambasauguas*, UNDE LLEVA PUBLICAOS UN BON MAÑUZO DE CONTOS, ADEMÁIS D'APARECER CON OUTROS DOUS, «MIUDANZAS D'OLIVENZA» Y «LEUCIÓN D'ANATOMÍA», NEL N.º 12 DA REVISTA *Lliteratura*. A CALIDÁ DAS SÚAS CREACIÓIS DEMOSTRÓU A POSIBILIDÁ D'ÚA NARRATIVA CONTEMPORÁNEA EN GALLEGO-ASTURIANO.

JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO

Escribo esto na tardiquía d'un día calabrión del brao. Toda a xente ta na casa. Mía sogra vendo cualquera cousa que boten na tele, mentras cose sentada nel salón. A muyer noutra habitación, repasando feixes de fotos col ordenador portátil, y el neno enchufao a úa maquinía unde xoga partíos de fútbol imposibles. Cadún nel sou canto, sin saber miga cadaquén de cadaquén. Nun hai como ter úa familia que se mantén xunta... nalgún sito da casa.

En cas mía abola, noutro tempo xa lonxe, tían un sito pra taren todos xuntos, se nun había outra cousa miyor que fer. Alí, na cocía, condo meu abolo nun podía dir al mar pol temporal, y mentras a muyer iba y vía acarreirada cuas súas ocupacióis, poñíase él nel sou canto da mesa y empezaba *a súa* narración; axei-to, sin prisa ningúa, botando tempo pra liar algún cigarrín de caldo.

—Ramón del Cazo taba na ribeira sin fer nada y pensóu en dir á Punta da Cruz, y pr'alí foi, y anduvo... anduvo... anduvo... anduvo...

—¿Y qué pasóu, pá?

—Al chegar ás arribadas nel pico da Praya del Cañón, atopóu a Manolín del Cabrito, y anduveron... anduveron... anduveron... anduveron...

—¿Cónto anduveron?

As historias amañadas ás veces pra entreter a os máis pequenos nun tían empezo nin acabo, namáis trescurrían, como un río que nun descansa nunca de desaugar nel mar.

—Nel Langosteiro taba a xente pañando marfoyos y Manolo baxóu a axudar a os sous. Y Ramón volvéu. Y anduvo... anduvo... anduvo... anduvo... y foi salir a Viyadún, y alí atopóu un can solto que ye volara al amo.

—¿Y qué fexo col can?

—Veron os dous cuase hasta Lois y anduveron... anduveron... anduveron... anduveron...

—¿Y qué pasóu en Lois?

—Qu'el can fóiseye y Ramón volvéu pras Figueiras, y anduvo... anduvo... anduvo... anduvo...

—¿Y xa chegou ás Figueiras?

—Taba al pé da Torre del Reló condo ouguíu un estoupido dende Castropol, y nun había festa. Entós baxóu á ribeira y anduvo... anduvo... anduvo... anduvo...

Nese momento Pepita levantara a tapa da ola del caldo y fixéraye señas al home.

—Vamos xantar.

Os nenos quedaran esmorecidos.

—¿Y qué ye pasóu a Ramón, pá?

—Que chegou.





Welcome to Spain!

MOISÉS CIMA FERNÁNDEZ (UVIÉU, 1983)
MARCHÓU A VIVIR DE PEQUENO A ORBEYE
(CUAÑA), D'UNDE ERA SÚA BOLA, Y A OS NOVE
ANOS XA SE TRESLADÓU DEFINITIVAMENTE A
MOUGUÍAS, NEL MESMO CONCEYO. DENDE MOZO
PARTICIPA ACTIVAMENTE NEL MOVEMENTO DE
REIVINDICACIÓN LINGÜÍSTICA TANTO NEL
OCCIDENTE COMO, AGORA QU'ESTUDIA HISTORIA
NA UNIVERSIDAD D'UVIÉU, NEL CENTRO
D'ASTURIAS. TEN PUBLICAO UN RELATO, «CUA
MIRADA NUBRADA», NA REVISTA
Entrambasauguas Y COLABORA HABITUALMENTE
COL FANCÍN *El Espinete*, QUE PUBLICA XURDE
PORTILLA LEJARZA.

MOISÉS CIMA FERNÁNDEZ

Condo Modu chegou a España dende Senegal el primeiro qu'ouguíu foi un «bienvenido a España» qu'un guardia mui sorrinte ye dixo. Despós garróu un tren que lo llevóu a Almería, unde se puxo a coyer a fresa. El xefe era bon paisano y féxoye enseguida el contrato, así que despós das súas seis horas de trabayo (porque el sou xefe taba polas 35 horas semanales) volvía a súa casa, qu'axina compartiría con María Isabel Torre de las Mercedes, fiya d'un empresario murciano que se namorara de Modu, y nun había diferencia, nin cultural, nin de clases, qu'impedira ese casamento.

Eeeh... perdón, que se me vei a pelota. É que me gustan muito as hestorias con final feliz. Teño úa amiga, mui guapa, por certo, que sempre mo diz: «Moi, as hestorias qu'acaban ben sonche mui guapas, pero nun son cribles». Eu dígoye que se nun ten ningún sentido del romanticismo, del idealismo, de poder crear un mundo miyor. Dígoye que se todos puxéramos a nosa imaxinación y os nosos esforzos pra ter ese mundo, ese mundo sería el que teríamos, que querer é poder... A verdá é que ye digo todas esas carayadas a ver se podo llevarla á cama. Nun funciona. Nota mental: intentar outra cousa; a imaxe de rapaz sensibleiro xa nun vende.

A verdá é que condo Modu chegou a España dende Senegal el primeiro qu'ouguíu foi «¡Negro, quieto ahí, me cago en tu puta madre! ¡Quietos te digo, cabrón!», pero, claro, condo daquén corre detrás d'un negro con un fusil y cos oyos en branco, como núa peli de medo, a naide ye quedan ganas de quedarse quieto. Asina foi que Modu corréu, corréu como un tolo por toda a bahía d'Alxeciras, y tanto corréu, que chegou a Madrid.

En Madrid conocéu axina a solidaridá española, esa solidaridá que sempre dicen na tele que temos neste *pelejo de boi*. Cuatro agresións nazis y úa acusación infundada d'úa veyá cua que tropezóu, que pensóu qu'el *negrito* (qu'é como a xente *políticamente correcta* chama a os negros) quería roubarlle el bolso, cuas súas preciadísimas posesións, entre as que s'incluía un valiosísimo vale desconto pral Caprabo. Esto fexo qu'el noso

negrito tuviera que correr delante da policía, y nun sería el última vez. As más das veces col que tropezaba era con úa moza mui amañada de traxe mouro que ye quería cobrar nun sei qué imposto por vender cedés.

A vida en Madrid era dura, y cruzarse con xente que aseguraba mui ufana «yo soy español, español, español» y vestía *bombers*, xente de ben, sin duda, que paga os sous impostos y polas mañás almorzarán de seguro col sou honrao padre abogao ou xuez del xuzgao de primeira instancia polo penal, y cua súa madre, eterna *ama de casa* que tía que tar al tanto todo el día de lo que fía Paquita (qu'en realidá era rusa, ou ucraniana, ou rumana, ou d'ún d'esos países comunistas que tein esos nomes tan raros, así que la chamamos Paquita). En definitiva, qu'a vida naquella ciudá nun era mui agradable. Muito había que correr delante d'ellos. Un día tuvo que correr tanto, tanto, que chegou a Asturias.

Y ¡ai, amigo! Asturias xa é outra cousa. En Asturias, como todo el mundo sabe, acoyemos ben a todo el mundo, somos abertos, campechanos, coime, ¿qu'es de fora?, ven, ho, y toma un culín, que ta mui rico. Ois, proba este augardente, qu'é de Taramunde, qué, tratámoste ben en Asturias, ¿eh? Aquí nun hai qu'escapar dos nazis, ¡claro que non! Aquí ta a policía municipal. Dúas agresióis da municipal de certa ciudá, que nun imos mencionar porque os da capital son mui mal tomaos, y tamén taba a moza de traxe mouro que, como en Madrid, molestábaye que venderas cedés.

Condo chegache a casa, el piso que compartías con cinco senegaleses, dous marroquís y un caboverdiano taba tomao pola policía, que los botara a todos. Ben deitache de nun tar en casa nesos momentos. Diche a volta como se nun tuviera que ver contigo y, con llágrimas nos oyo, fuche almorzar unde sempre. Na tele da cafetería falaban dos asturianos emigraos a América, condo a fame tía color branco. Un asturiano con acento uruguayo ufanábase de qu'agora os inmigrantes eran ben recibidos na súa España natal, que quería volver agora que se volveran as tornas.

Condo Modu chegou a España dende Senegal el primeiro que pensóu é que xa alcanzara a terra dos soños, que xa quedaran atrás as penurias de pateras, fame, andar pol deserto hasta al agotamento, as persecucióis da policía marroquí, a persecución da miseria, qu'era como úa praga, un animal que s'alimentaba da xente y que garrara aquel home, trabándoye na súa carne moura, y xa nun quería soltallo fose unde fose a súa presa. Condo Modu chegou a España dende Senegal descubriu qu'el soño de prosperidá d'Europa era como esas discotecas con dereto d'admisión ás que nun podes entrar con playeros. Nesta Europa con dereto d'admisión nun podes entrar con peleyo mouro nin con fame nel estómago.

Xa cho dixen condo empecéi a cuntarche a hestoria de Modu, qu'a min préstanme as hestorias con final feliz, aunque nun haxa quen las crea. Así qu'imos fer un esforzo mental por crer que Modu chegou a España entre sonrisas, que deu en casar con María Isabel Torre de las Mercedes y que condo volve de trabayar as súas seis horas diarias (porque el xefe, como todos os xefes en España, ta polas 35 horas semanales) déixase caer nel sofá a ver a tele y sonrío pensando que, despós de tantas penurias, xa alcanzóu el glorioso soño europeo.

Podemos pensallo, ou, se resulta un esforzo d'imaginación demasiao grande, se como me diz a mía amiga, a que quero llevar á cama, nun é crible, podo ofrecer un final feliz alternativo.

María Isabel Torre de las Mercedes casóu con un tal Borja María, que nun era bon pra nada, pero llevaba el xersé atao por derriba dos ombros y nun daba muita guerra. Despós metéuse en *Gran Hermano*, ganóu el concurso y féxose tremendamente famosa, y é que ser famosa era el soño da súa vida.

—¿Y Modu?

—¿Y ese quién é?

—Modu, el prota da hestoria, el senegalés.

—¿Quién, ho? ¿De qué senegalés falas? Calla, home, que Milá ta falando con María Isabel y nun oigo nada.

Lendo a vida

ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

De pequeno quixera
ter aprendido a ler
en libros acabados de fer
por sabios vivos,
por sabios veyos,
qu'a os domingos vistan
el traxe de gala d'os quincayeiros.

Libros que m'espliquen cómo
nel camín recto á comodidá,
tan incómodo me sinto.

Libros nos qu'entendas
que ser parte del rabaño
namás ye quita a fame
a quen vive vexetando.

ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ (AS CAMPAS, CASTRIPOL, 1973) VÉN TRABAYANDO DENDE BEN NOVO POLA RECUPERACIÓN DEL GALLEGO-ASTURIANO AMAÑANDO TODO TIPO D'INICIATIVAS UNDE A LINGUA TEN UN PAPEL FUNDAMENTAL: A NOITE FOLK DEL COVO, A ROMEIRÍA DA FALA, A REVISTA *El Vixato...* GANÓU NEL ANO 2003 EL PRIMEIRO CERTAME DE POESÍA NA FALA «AIRA», COL POEMARIO *Pedras moles*, QUE PUBLICÓU EL ASOCIACIÓN EL TEIXO, DE BARRES, NESE MESMO ANO. APAREZ NAS ANTOLOXÍAS *Na boca de todos* (2006) Y *Unde letras falan* (2006). DEL SOU POEMARIO *Volta de paso*, QU'A EDITORIAL SUBURBIA PUBLICA ENGUANO, COYEMOS CUATRO COMPOSICIÓIS.



Lonxe

Tando dentro de ti, sinto
a calor húmeda da consciencia
defamada, cravada, en espera
da non querida necesidá de movemento
que rompa el éxtasis quieto,
a esixencia clara da presenza
del brusco vaivén compartido
nel consumo volitivo de lo bon
que nos queda de fieras.

Vexo sin buscar, vexo
nos tous oídos nese momento
a verdá que m'interesa,
a mentira máis sincera,
a comunión grande ou pequena.

Salo, sempre derrotado salo,
derrotao anque ganando,
vacío de verbo, calao,
islao del mundo,
lonxe de ti anque pegao,
mecánico romántico
como forma pactada de pago.



Penso y pausado repenso
mentras esparzo chuchos
y nun mido abrazos,
mentras que xordo escuito
y respondo automático,
deitao, rectilíneo, farto...
lonxe de ti anque pegao.

Río plano

Mirando nel río plano
busco y rebusco sin verme.
Móvome eu y el auga para,
paro eu y corre brava,
pos dice nun ver en min
ter pinta de xente clara.

Respondo eu con todas as costas
a quen me pide contas
dando preguntas y fendo respostas
que pra eles moven molíos
con auga por cómoda remansa,
sin valor abondo pra comigo ser
auga clara da salimeira brava.



Uviéu

Pisapapeles semiesférico
con gaviotas, sí, pro sin mar,
a remoyo ten en atmósfera abiótica
a xente de orixe bipolar
que vexeta, a Dios gracias,
por causa d'úa rara
y avezada inercia vital.

Rancio Uviedón floripondio
mexapilas doctorado en aparencia,
parasita y solapa al Uviedín sincero,
fruto da mezcolanza taberneira,
refuxo da xente das demás aldeas
qu'afogan por quietas y pequenas
pro consolan coa súa onfrica presenza.

Al hora da verdá,
tan grande é Uviedín,
y el Uviedón tan pequeno,
que d'esta aldea grande
chamada Uviéu,
sempre me quero ir
pro sempre me quedo.



Raska, mamá



ALBA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ (VALDEPARES, EL FRANCO, 1985) É LLICENCIADA EN BELLAS ARTES Y PROFESORA DE DIBUXO. XA EMPEZÓU DE BEN NENA A ESCRIBIR EN GALLEGO-ASTURIANO COLABORANDO NA SECCION PRA OS MÁIS PEQUENOS DA REVISTA *Entrambasauguas*. NAMÁIS TÍA DECISETE ANOS, NEL 2002, CONDO GANÓU EL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS COL RELATO «DOS TEMPOS, OS MIYORES». DESPÓIS DE TAR MUITO TEMPO FÓRA DA SÚA TERRA, AS SÚAS PALABRAS VOLVERON A OUTROS IDIOMAS, PERÓ NA INTIMIDÁ DOS SOUS ESCRITOS SEMPRE TA A FALA MATERNA.

ALBA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Pentru dumneavoastră, Camille

Y allí volvíamos tar, Camille y eu, discutindo de nun sei qué sobre a recoyida del uva nel norte de Francia, dos tulipáis en Holanda, dos kiwis en..., condo vimos a ponte que comunicaba as dúas partes da ciudá. Mitrovica parecía úa villa cualquiera, das que xa víramos en Kosovo, col sou andar diario, el sou mercao y a súa xente balcánica galdida; tamén nosoutras parecíamos as de sempre, falando del llonxe condo precisamente tábamos nél. Col solo conocimiento da xeografía por un mapa, as mochilas y os soños, aprendíamos de golpe a hestoria d'anos. Os Cascos Azules taban nas dúas veiras del río y aquella ponte mancada pollos ferros y os odios da xente, cos albaneses nun llao y os serbios nel outro intentando vivir como as sagradas escrituras mandan, atanigóu as nosas conciencias de súpeto.

Camille nun podía aguantar a presencia dos militares. Llevaba ben aprendida a llección d'outros sucesos y el sou instinto revolucionario, como búa universitaria francesa qu'era, quedóu mermao esa mañá. De seguro qu'as matrugadas virían más tarde, pensaba eu, condo vimos acercarse un fotógrafo del *National Geographic* con actitú amistosa. Llevaba posto un capindón remachao cua bandeira francesa y el sou equipo caro na mao. A mía compañeira empezóu a falar inglés comigo intentando disimular a súa nacionalidá; é verdá que sin muito xeito, porque xa se sabe dos gabachos, qu'hasta polla risa se conocen. Nun quixemos meter el pé nel furaco da raposa y tiramos cuas mochilas nel llombo, ella botando cagamentos y eu cruzando os didos entementres cantaba «Por aquí pasóu un soldao, vestido y escarrafao». Teño que reconocer que con esta nena apoyaría cualquier causa perdida, pero nun era hora de pararse nel camín: a fronteira serbia taba cerca y nun sabíamos con qué íbamos topar.

As comunicacióis entre países eran inesistentes, os trenes nun funcionaban había tempo y as pistas dos peisanos nun axudaban muito. Falaban d'anos atrás, con-

do sí iba y vía xente de llonxe, pero xa nun quedaban amigos del outro llao y a señardá xurdía tres de nosoutras, *as forasteiras que preguntaban pollos cementerios*.

El ambiente bélico multiplicábase conto más avanzabamos. Os camióis chíos de soldadíos machuchos fendo xogo col verdín nun fía más qu'acentuar a nosa presenza nos carreiros, que pouco a pouco fomos escarrapatiando hasta chegar á fronteira.

Nunca vou esquecer el primeiro llugar qu'atopamos en Serbia: Raska. Y é verdá que rascaba porque nun había un alma nas cayes y a humedá nun deixaba respirar muito ben. Tábamos nel fondal del valle arrodiaadas de montes que s'asomeyaban a os dos paisaxes xaponeses, pequenos y redondíos remataos con úa punta afilada. Acórdome agora d'úa comparanza aparecida cuas montañas y as tetas das gallegas d'un profesor da carreira. Era mui agudo al hora de fer descripcióis paisaxísticas; peme qu'acabóu de comisario en Cannes. Despós de coyer un pouco d'alento fomos directamente á estación del tren, que parecía, como tantas outras, nun tar en uso. Acórdome de tar discutindo con Camille da tenda de campaña qu'había tempo llevaba eu ás costas, condo vimos de llonxos rapaces da nosa edá xugando solitarios na veira das vías. Ún d'ellos era espigao y rubín, con úa guapura balcánica clásica. El outro era moreno y más dobre; coxiaba d'úa perna. Andaban xuntos, ún pegadín al outro, axudándose al andar. Chamóunos el atención aquela parexa tan sincronizada, sobre todo porque nosoutras, que llevabamos semanas viaxando xuntas, nun conseguíramos inda un compás al xeito. De sope-tón, el rubio deu úa pasuada llarga y deixóu cayer al outro nel tarrén. Nun parecú que se mancara: taban mortos da risa. En nada acercáronse gachos a falar.

Tuvemos tempo y tempo naquella estación, tomando cafés os cuatro. El tren qu'iba pa Belgrado

salía ás tres da madrugada. El rubín había pouco que chegara del servicio militar. Sous padres tían oveyas nas fincas da veira y él quería heredar el oficio. El outro mozo llevaba sempre vivindo na estación. Marcaba a salida del único tren con un bandeirín feito na casa. Nunca salira d'aquel llugar na súa vida, únicamente ese mesmo ano á capital, pa ver el Festival d'Eurovisión. Taban contentos de vernos por allí. Querían que sacáramos fotos a todo.

Despós d'un bon bocaio falando, soupemos qu'había oito anos que nun paraba por Raska daquén estranxeiro. Taban intrigaos cuas nosas vidas, a nosa procedencia. Condo Camille dixo qu'era bretona, el mozo del estación nun paróu de soltar topónimos y tradicióis da rexón. Esto fendéula. El pasatempo d'él era tar en Internet, nel bar del llugar, llendo. A xeografía prestábaye muito. Soñaba con viaxar por todo el mundo condo tuvera cuartos.

Peró el tempo naquella poceira nun parecía regar por ningún llao. Eran nenos mui llistos pero azacaniaos polla vida y polla morte d'esas terras condanadas. Ellos que nun odiaban a naide nin falaban de crencias nin de fronteiras, taban nel medio en de baldre.

As mesmas historias repetíanse entre xeneracióis: familias divididas, bolos ou padres mortos, amigos esquecidos y as penas ás garabitolas. A bola d'ún dos nenos nun conocera a sou padre, un soldao norteamericano qu'úa noite pasóu por allí y enconapóuse cua rapaza. Un clásico yugoslavo. As mueres sempre foron os trofeos das guerras.

Chegóu el hora da despedida. Ún dos nosos amigos escapóuse pa comprarnos us chocolates pal viaxe y, entre chuchos al aire, fómonos arredando col tren d'aquel fondal mouro rumbo á nosa realidá, el imperio falso dos trunfos. Raska, Raska, mamá.

RAFAEL CASCUDO NOCEDA (TAPIA, 1958) FOI DOS PRIMEIROS MAESTROS QUE DERON GALLEGO-ASTURIANO NAS ESCOLAS. DE 1995 É *Xelín y Toxo*, PRIMEIRO LLIBRO INFANTIL NESTA LINGUA QU'ESCRIBÍU D'EMPARZAO CON OUTROS PROFESORES DA ZONA. ESA AFICIÓN POLA LLITERATURA INFANTIL SEGUÍULA CON *Xunta de mitos* (2000), NARRACIÓN QUE PUBLICÓU EN FORMA DE LLIBRO PERÓ QUE PRIMEIRO GANARA, EN 1998, EL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS. CON OUTRO RELATO, «BASILISA», PUBLICAO NEL VOLUME *Lletras novas* (2000), GANARA *ex aequo* ESTE MESMO PREMIO DOUS ANOS ANTÍAS. CENTRAO ÚLTIMAMENTE NOUTROS LLABORES PROSÍSTICOS EN GALLEGO-ASTURIANO, CON ESTUDIOS SOBRE MITOLOXÍA OU ARTÍCULOS SOBRE NATURALEZA COS QUE COLABORÓU BEN VECES NA REVISTA *Entrambasauguas*, VOLVE AGORA Á NARRATIVA DE FICCIÓN CON ESTE RELATO.

Marcelo escuitóu úa mezcra de ruidos y ruxidos que ye fixeron parar na súa laboría y erguer a cabeza. Al fondo, na carretera, pasara daqué que tía mala pinta. Deixóu as fabas na arpiyeira y botóu a correr hacía a fonte. Enseguida se deu conta de que dúas camionetas piyaran a un cabalo qu'espernequexaba moribundo na cuneta. Al achegarse y ver el cabalo, descubríu qu'a siya y a cabezada ye eran lamar de conocidas. Eso, y a muyer tirada nel medio da caleya, fíxoye engalar prao abaxo. Saltóu el valao y aterrizóu de rodiyas nel tarrén al lao d'aquel corpo ensangrentao y roto.

—¡Carmía! ¡Me cago en Ros! ¡Carmía! ¡Maldéus...!

Os homes qu'iban nas camionetas nun eran quen a reaccionar. Taban de pé coas maos agarrando a cabeza y el máis novo choraba asustao al tempo que nun fía máis que repetir:

—¿Qué fixemos, rediós, qué fixemos?

Marcelo agachóuse y encrequeñóuse al tempo que con muito cuidadín pañóu aquel corpo desfeito y lo apoyóu nel colo acariñándoye as gadeyas canas.

—¡Ai, Carmía del alma! ¿Unde viche parar, mía nenía. ¿Cómo tas? Contesta, ¿cómo tas?

Nun fía falta perguntalo muito, Carmía tía un filo de vida; nun había salvación posible y a Marcelo anubrónose os oyes mestos de lágrimas, hasta el punto de nun ser quen a ver nada. Coa mao dereta refregóu na cara d'él tentando de poder mirar a da muyer.

Carmía, mui aspacín, volvéu a cara y quixo dibuxar úa sonrisa al encontrar os oyes de Marcelo. Foi lo último que fixo. A vida escapóuye del corpo, al tempo que Marcelo ye pechaba os oyes coas maos moyadas de lágrimas y sangre. Lougo choróu con rabia mirando pral cabalo y pra os homes das camionetas. As súas maos seguían cofando nel pelo de Carmía. Afogábase chorando y sentindo al tempo úa pena lamar de grande. ¡Cónto levaba chora por aquela muyer!

Porque Carmía y Marcelo foran vecíos; os dous naceran nun poblín da montaña de Castripol. Y deben

novos empezaron a sentir úa gran atracción ún pol outro. Y, al pouco, al ver que compartían ese sentimento, decidiron pedir permiso a os sous pra cortexar.

Peró enseguida Carmía notóu que daqué iba mal. Os sous padres puxeron mala cara namáis saber das súas intencións. Que si es mui nova. Qu'ese tema temos que decidilo nosoutros y non tu. Que si ese rapaz nun che convén... Todo eran disculpas de mal pagador y malas caras na casa.

Al final todo se sabe y un bon día soupo por boli-ta qu'el problema era que Marcelo era fiyo de moza solteira y eso, a finales del siglo XIX y naquelas terras, vía ser como axuntarse col demo. Foi igual qu'elos souperan que Marcelo era un bon rapaz; un mozo trabayador y disposto a feryes favores a todos os da contornada. Nun había nadie miyor qu'aquel chaval. Peró tampouco había nada que fer. Os padres de Carmía taban pechaos en banda; eran zarraos y duros como el pedernal. Enfadáronse lamar coa fiya y, visto a súa terquedad, decidiron amenazala con que si nun deixaba d'andar col mozo en cuestión mandaríanla pr'Ameríca col tío de Buenos Aires.

Tal amenaza cundíu efecto porque Marcelo preferíu apartarse d'ela pra sempre que nun vela máis. Prefería vela de lonxe a que la mandasen cruzar el charco y enfrentarse a os mil peligros del outro lao del mundo. Queríala tanto que por nada del mundo iba consentir que sufrira ningún mal.

Apartarse, sí; nun tentar nunca máis falar con ela, sí; cambiar de camín ou de vida, sí; pero esqueicela, non: nunca iban conseguir que lo fixese. Acabóu por marchar del poblo deixando sola a súa mamanía del alma y foise a trabayar y a vivir a Castripol.

A vida seguíu el sou curso y, núa das voltas d'ese camín, Carmía conocéu a outro home, qu'esta vez sí que yes entróu pol oyo a os padres. Era un bon home, guapo y alto, al dicir de Carmía. Asina lo apreciara ela a primeira vez que ye botóu os oyo na feria da Veiga. Al pouco tempo taban cortexando, esta vez coa bendición dos da súa casa.

Marcelo tamén refixo a súa vida y acabóu casao con Rosala, úa búa persona, cariñosa y feidora de vida, á qu'acabóu querendo muito y vivíu cerca da capital del conceyo, mentras que Carmía, despós de casarse con Pepe, foise vivir a un poblo cerca de Tapia.

Anque daquela a distancia era grande, porque se movían d'a cabalo ou en carros, nun deixaron de verse algúa vez qu'outra en ferias, festas y mercaos. Nun yes contaron as súas parexas respectivas que se quixeran de novos y qu'inda yes quedaba lume abondo. Peró ellos nun se falaban, respetaron el pauto hasta que pasaron muitos anos; nin s'achegaban muito, anque os oyo dos dous nun paraban de buscar entre a xente hasta que se vían. Buscábanse en todos os laos y erguían a cabeza al tempo que sonrían en forma de saludo en conto entrecruzaban as súas miradas.

Tanto Pepe como Rosala eran estupendas parexas, queríanse lamar y nunca ningún dos dous yes faltaron al respeito; pero sempre quedóu entre ellos un pouso fondo y consistente, solo roto por mor d'estretas ideas de poblo qu'imperaban naquelos tempos.

Porque Marcelo foi el que la sacóu da cárcel de Castripol a unde la víu chegar acompañada d'un carabiniro anos máis tarde. Pagóu a multa y condo chegaba Pepe todo nervioso atopóuse con Carmía asustada na porta del ayuntamiento. Aquel día presentóulos; aquel día conocéronse os dous homes. A Pepe díxoye que Marcelo era un vecín que, al vela entrar presa, interesárase y adelantara os cuartos da multa y que tía que volvelos. Pepe naquel momento nun tía nada de dieiro porque salira apurao nel cabalo dos vecíos en busca de saber da súa muyer, pero, en conto podese, había pasar por Castripol a pagarye. Aquel día cambiaron as súas direccións y acordaron el xeito d'avisarse pra xuntarse y poder responder a aquel home tan arrogante.

Porque había que pagar a multa miserable posta pola influencia del patrón: úa multa por pañar toxos nel monte del señorito, úa multa posta a úa probe muyer por recoyer leña pra encender el forno da casa

y poder fer pan col que manter as os sous cinco pequenos, que nese momento taban esperando asustaos a que volvesen papá y mamá, sin entender que podesen levar a súa madre presa por coyer toxos. Un desgraciao zamprón fóraye col conto al mandamás y a éste nun ye faltóu tempo pra chamar al cuartel y dar parte d'ela, mandando que la prendesen por roubo y desacato á autoridá y que ye poñesen úa búa multa pra que nun volvese a felo nunca máis. Que la multasen y la metesen na cárcel pra escarnio de todos por pañar rozo y leña nel monte da súa propiedá. Y foron os guardas obedientes hasta a súa casa y, a pesar de ver que taba cos rapacíos na corrada, a pesar de qu'era un peteiro de pequenos medio famentos, apenas si ye deron tempo de chamar a úa vecía pra que ye botase úa ouyuada a os nenos y de paso avisase a Pepe, que quedaba cargando rollas nun monte.

Peró, cousas del destino, alí taba Marcelo; fora hasta el Ayuntamiento col ánimo d'amañar us papeles da contribución y, condo al salir víu a súa Carmía entrar presa pol guarda, volvéu entrar y enteróuse del que pasara. Cuartos tía na carteira y nun ye faltóu tempo pra pagar por ela y conseguir qu'al pouco la deixaran libre dos cargos y de volver prá súa casa cos sous nenos y el sou home.

Peró agora acabárase todo. Carmía acababa de morrer condo el sou caballo s'espantara col ruxir das dúas camionetas, que corrían hacia Castripol fendo úa especie de competición. Al cayer del caballo, úa das camionetas pasóu por derriba d'ela y el outra piyóu al caballo. Ela viaxaba hacia el poblo dos dous pra ver a úa neta que ye nacera el día anterior y que nunca iba chegar a conocer.

Y a hestoria d'amor entre elos dous acabóu d'aquela tráxica manera núa carretera, cerquíu da casa unde vivía Marcelo.

Seguro que pra Carmía el morrer nos brazos del sou querido Marcelo era a parte menos mala da morte. Seguro que condo abríu un pouco os oyo y lo víu alí, abrazándola, sentíu que podía morrer tranquila. Todas as outras partes da vida tamén acabaron nese momento: el críar os pequenos qu'inda ye quedaban na casa; el susto y el dolor que yes iba trer a súa desaparición; el axudar á súa fiya mayor coa neta nacida de pouco; el seguir querendo y respetando a Pepe como lo fixera hasta ese momento; el deixar as penas y as gayolas de todos os días...; todo acabara nun estúpido accidente de carretera nus tempos en qu'éstas taban máis ocupadas por cabalos y carros que por coches y camionetas.

Peró a morte é asina d'estúpida sempre y nun respeta a naide. Ás veces tampouco respeta a vida y Carmía acabóu a súa morrendo nos brazos d'ún dos sous homes; el home que quixera tanto sin poder compartir nada con él; el home que ye quitaron de reiz porque nun yes parecía al xeito pra ela; el home que nun ye escoyeron pero que sempre taba alí condo ela lo necesitaba; el home col qu'acabóu todo. El outro home, igual de querido, al tempo qu'igual de distinto, iba chegar máis tarde tendo qu'asumir que de sutaque ye destrozaran a súa vida.

Os dous, Marcelo y Pepe, perderan lamar neste envite. Xuntos iban chorar sin sabelo. Os dous iban vivir el resto dos días tendo a Carmía pra sempre nel recordo; pero nun esqueicendo enxamás que, sin sabelo, fórase a muyer que compartiran.





D'un tempo acá

ALFREDO ÁLVAREZ DE PONTICELLA (PONTICELLA, VILLAYÓN, 1948) TEN EL HONRA DE SER EL PRIMEIRO QU'ABRÍU EL GALLEGO-ASTURIANO PRÁ PROSA ENSAYÍSTICA CON UN ARTÍCULO PUBLICAO NEL ANO 1985 NA REVISTA *Lletres Asturianas*: «YOUFOS Y LLEITOS NEL FOLKLOR DE VILLAYÓN». EL SOU AMOR Y CONOCIMENTO FONDO DA HISTORIA, AS TRADICIÓIS Y A LINGUA DEL OCCIDENTE DÉIXASE VER TAMÉN NA POESÍA QU'ESCRIBE. EL POEMARIO *Al son das zalançeiras* (XEIRA, 2003) VEU A CONFIRMAR A MADUREZ DA SÚA VOZ POÉTICA, DA QUE XA DERA UN ADELANTO EN 1999 NA REVISTA *Lliteratura*. TAMÉN APAREZ NAS ANTOLOXÍAS *Na boca de todos* (2006) Y *Unde letras falan* (2006) Y EINDA PUBLICÓU DALGÚAS COMPOSICIÓIS NOVAS NEL 2007, DÚAS D'ELLAS NA REVISTA *Lletres Asturianas*. D'ESTA ÚLTIMA ETAPA CREADORA SON OS POEMAS INÉDITOS QU'AQUÍ OFRECEMOS.

ALFREDO ÁLVAREZ DE PONTICELLA

Escribo Moxega y xa
nun sinto
el molle, lleito y caliente
esbariar del farello
nel blandeiro.

Escribes Sangradeiro
y nun hai feita nin presa
nin más herba amorosa
que carbéis y foletos.

Escribimos Llugar
y, a pouco, nin ye queda
el nome propio y pizca xira
pa xeiras y palabras.

Escribiron a maza y a palferro
tres Caleyas qu'hoi son barbas
de cuco en toxos y balseiras
como de cousos llobeiros.

Meyor escribir Páxaros
qu'aníen nestos sitios:
enalas y reigames
que medren arbolaos
ou goren xuntos esperanzas.

Quedar nun queda un alma:
un árbol afogao
—muñóis al cielo— clamia
solo nel banzao.

Xogos d'alcordanza

Un rouco son del corno
ou da turulla qu'encoye,
en retrón, el corazón
al llao d'un ánfora
tan olla de cunqueiros
col vano y a peneira
tan del pan de cadaldía.
¡Cón to dolen os cortes
da memoria nos xogos
d'alcordanza asgaya,
daquella repetidos...!
Alcordanzas d'un tempo
de rinchos y amorodos;
dos antroiros y os chichos
mui ben ralos;
dos días de carambos
y tercas pechaduras de carbayo,
que tamén el carbayo desfoyo
allumóu abondas llandes
y se soubo duro abondo
al bentestate. Vei ser todo
por nun falar de min,
de condo neno,
ou nun esqueirar nel refollón
d'un tempo esgarecido.



Xestos del silencio



Nun pintan ser bus tempos
pal silencio nin... pas musas.
Ben pouco xa s'aventan
palabras col bon
de quitar poxa
y, llougo, peneirallas.

Nun hai escuitadores
da medría dos árboles;
del herba qu'espuxiga,
del madurecer dos madroños;
del formento qu'espille
na maseira;
del riso da rosada.

Nun pintan ser bus tempos...

Peró, inda hai silencios
de calladas sementes
qu'estoupan en farina;
silencios de pan molle
encetao en mozzellos.

Silencio de camiós esquecidos.

Calladas de xugos esgazaos
mudaos en percheiros;
silencios de bozales y bocaos;
silencio del hedra y da curriola.

Silencio dos montes tres da queima:
silencio corredizo dos nougos
en llazada; silencio das nubes
qu'amordazan llúas chías.

Nun pintan ser bus tempos...

Quitao p'apautase col silencio
dos regos como berzos,
da paya coas espigas,
das llumeiras cua lluz;
das portas sin can
nin chamadeira.



Rebiliscoques

A solas nel senteiro
col catón da señardá,
seivos ben que xa promedio
esta pizarra alentable
de cento rebiliscoques.

Pasta moura en fraque
marco, más de pino
qu'en bon cerno.

Y hai úa pega pegarata
da soleira pá poyata,
da figueira pá nozal
como un tollo bambarón
boca en boca d'estoupóis.

Y, outra volta, as andulías
vein tecliar contra el aleiro
cuas súas novas
de cayucos, de fondales,
de más oyo regallóis
pa os cuitellos y as fogueiras.

Sólo deixan recortadas
partituras ben borrables
nesas molles tardiquías
nas que xa naide nos cuca
nin atota nin nos chama.



El que che deixan, vólvelo



EMMA MÉNDEZ (CARTAVIO, CUAÑA, 1973)
EMPEZÓU DE RAPAZA A INTERESARSE POLA
LLITERATURA Y XA NEL INSTITUTO DE TAPIA
GANÓU OS SOUS PRIMEIROS CONCURSOS. CONDO
EN 1996 BOTA A ANDAR A REVISTA
Entrambasauguas, É A PRIMEIRA ESCRITORA QUE
COLABORA CUAS SÚAS NARRACIÓIS EN GALLEGO-
ASTURIANO, QUE SEGUÍU DANDO A CONOCER EN
MÁIS OCASIÓIS NESA PUBLICACIÓN. AQUEL
MESMO ANO GANÓU *ex aequo* EL PREMIO XEIRA
DE NARRACIÓIS CURTIAS COL RELATO «NA TERRA
DOS FLAIRES», QU'APARECÉU DESPÓIS NEL
VOLUME COLECTIVO *Lletras novas* (2000).

EMMA MÉNDEZ

Acomodouse, tapóu hasta as oreyas y zarróu os oyo. Xa salía de camín un suspiro d'alivio al dispoñerse a dormir condo el rellustro d'un recordo, d'un idea ou, más ben, d'un olvido fíxoye abrir os oyo outra vez.

Cos oyo prendidos del techo que na media escuridá del cuarto deixábaye distinguir os contornos da lámpara como se fose úa criatura desconocida, recordóuse a si mesmo qu'os asuntos de trabayo quedaban sempre, desde aquela temporada que tan mal lo pasara, coas botas nel entrada da casa: se quedara algo por fer ou mal feito, mañá era outro día. Tampouco podía ser por un asunto personal; sempre había un familiar ou un amigo que chamaba pra recordar el que fose, nunca nada tan importante que nun lo apuntase nel axenda del móvil.

Chisgóuse un oyo a si mesmo y acabóu de soltar el suspiro que deixara a medias; revolvéuse un pouco sin moverse del sito, zarróu os oyo outra vez y decidióu dormir.

Deu un brinco na cama y quedóuse parao sin saber qué pasara. Sin tar seguro se acababa de zarrar os oyo ou dormira, buscóu os números coloraos del despertador pra confirmar que tuvera dormindo; quedábanye namás tres horas de descanso. Y, se taba dormindo, é que daqué lo despertara. Costóuye un pedacín darse conta de que fora úa voz, a súa. Pro él nunca soñaba ou, miyor dito, nunca s'acordaba de se soñaba ou non.

Nun iba desconsonarse pol qu'el vagar da súa cabeza ye dese por contar, que pode que soñar nun fose malo pral descanso, pro nun iba malgastar el pouco tempo que tía pra dormir dándoye voltas a os soño, fosen bus ou malos, tanto daba. Por eso era raro que despertase así, y más inda por un berrido propio; pro, fiel a os sous principios, nun iba deixar qu'eso ye roubase tempo de descanso.

Zarróu os oyo outra vez y volvéu dormir.

Esta vez despertóu abríndolos como pratos, convencido de que sentira sonar el despertador, pro inda faltaban dous minutos, según víu al sacar a mao pr'a-

pagallo. Antias de ter tempo a estrañarse por despertar él solo, el idea, recuerdo ou olvido que rellumara na súa cabeza al dispoñerse a dormir allumóu con forza entre as brumas del despertar, féndoye erguerse sin pararse a calzar ben as zapatiyas ou vestir como era debido a bata mentras abría a porta del cuarto y salía camín del cesto da roupa sucia.

Allí taba el motivo da noite de velía que pasara. Nel bolso del calzón, ben dobradía, a serviyeta del bar unde xantaban todos os días. Y, nella, a ringleira de números que podían poñello en camín del que perdiera condo era más novo.

Tantas voltas ye dera al asunto os últimos días que, al ter el número qu'abría a caixa dos tronos, acabara convencéndose de que nun merecía a pena, hasta el punto d'esqueicer que xa tía a chave nel bolso. Pro taba claro qu'aquello seguía tendo más importancia da qu'él quería darye y seguir esquivando el asunto nun iba darye más que dolor de cabeza y pouco descanso, como comprobara aquella mesma noite.

Despós d'ir poñendo nel sou sito as pezas del rompecabezas d'amistades comúis, conocidos intermedios y demás, deran chegao, cada ún pol sou llaio, al ese da cadía que rompera condo eran mozos y se vían case todos os sábados nos bares de costumbre. Por ei empezaran, condo el compañeiro novo, con miyor memoria pras caras qu'él, dérase a conocer d'aquellos anos. Y, aproveitando el hora da comida, foran día a día recordando sitios, xente, cousas y casos d'aquellos tempos. Hasta chegar a ella.

Nunca soubera cónta xente del grupo s'enterara del enredo qu'amañaran entre os tres. Pro debera ser más da qu'él contaba, según el que sentira xantando. Reconocer que fora todo úa fatada mui grande axudara a perder el medo pra preguntarye se podía darye el teléfono, xa qu'él si mantía inda as relacións con ella, inda qu'a trompicóis, como foran sempre.

—Sí, ho, ¿cómo non? Además, ta encantada de falar contigo outra vez... Xa sabes cómo é, nun cambiou miga...

Y allí taba el número.

Inda deixóu pasar un par de días antias de chamalla; xa qu'esperara case veinte anos, por us días nun iban poñerse pior as cousas. Ben sabía que tía que fello, dar el paso pra volver al sito unde metera a pata, xa que tía ocasión d'amañar el estropicio, ou, condo menos, intentallo.

Pensándolo ben, hasta fora bon que pasara tempo, así xa nun tía tan presente a mala fe coa que sabía que lo fixera y el fato que fora él por deixarse embolortar d'aquel xeito. Y eso qu'inda coloríaba al acordarse de todo aquello.

As normas eran claras como el augua; todos sabían ben con quén trataban. Y allí taba el fato pra deixarse embolortar y valir d'espantuyo na guerra entre as dúas. Y como fato qu'era, el pior parao fora él.

—Hola, nía... Si, xa sei qu'esperabas que chamase... Pos si, nía, é ua fatada, pro gustárame recuperallo... Non, ¿cómo vou querer volveryo se nun sei nada d'ella desde fai anos?

Y se non, tampouco era que fose asunto d'ella, que pra eso s'enterara ben de qu'ellas si que nun tían relación ningúa.

Tampouco fora tan difícil. Nin sequera tía qu'ir vella. El mesmo mensaxeiro que ye dera el teléfono iba llevarye el llibro al trabayo, el mesmo llibro qu'él ye deixara fía tantos anos. Y allí lo tía, forrao y todo, con todas as foyas y sin más notas qu'as que tía condo yo deixara; así que tuvo tentao a concederye outra oportunidade, que parecía que tampouco fora tanta a mala fe como él pensara. Pro pensóulo miyor y, conociéndola, sacóu a conclusión de que nun dera pra más: seguro que nin se ye ocurriera cambiallo ou estropiallo; porque del que taba convencido era de que nin lo llevara. Nun era d'esas... que llen llibros.

Xa quedaba namás medio camín pra zarrar a cadía y poder seguir pr'adelante. Reparao el estropicio, xa nun dependía sólo d'él se as cousas seguían igual ou tomaban outro camín que, según lo vía agora, pior iba ser difícil que se ye puxeran. Inda nun que-

ría pararse a pensar, a recordar aqueles sonhos que, al romperse, enseñaránye que sempre era miyor ter os pés na terra y a cabeza fría pra tomar decisióis y fer planes. Xa tería tempo de más se volver el llibro ye abría outra vez aquela porta.

Case ye estrañóu más qu'el outra aceptara sin más quedar con él. Chegóu a pensar qu'igual nun era pra tanto y que tuvera fendo inda más el fato por tomar al pé da lletra el que ye dixera como despedida aquel día. Pro nun s'equivocara miga:

—Así qu'al fin lo recuperache, ¿non?

—Pos si, aquí lo teis.

—Aprenderías algo, ¿non?

—Si, más del que pensas.

Pro, lo primeiro, qu'as normas tan pr'algo, tamén entre amigos. Ou inda más entre amigos.

Y qu'a naide se deixan parexas nin cousas d'outros, y menos sin permiso del interesao.

Acabóuse.





A mosca



A ESCRITORA NEOZELANDESA KATHERINE MANSFIELD (1888-1923) PUBLICÓU EL RELATO «THE FLY» («A MOSCA») EN 1922 Y INCLÚISE DESPÓIS NEL SOU LLIBRO *The Dove's Nest and Other Stories* (*El nío da palomba y outros contos*) (1923). É ÚA DAS SÚAS NARRACIÓIS MÁIS FAMOSAS Y, TAMÉN, ÚA DAS SÚAS HISTORIAS MÁIS INQUIETANTES Y ABERTAS ÁS INTERPRETACIÓIS. AL CABO, TODO EL MUNDO É, DA CONDO, ÚA MOSCA NEL TINTEIRO. XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ OFREZ AQUÍ A SÚA VERSIÓN EN GALLEGO-ASTURIANO.

KATHERINE MANSFIELD

—Pois si que ta usté cómodo aquí —dixo el señor Woodifield, veyo él, cua súa voz de fruta. Miraba dende el fondo del butaconzón de coiro verde, al pé da mesa del sou amigo el xefe, como lo feiría un nenín pequeno dende el carricoche. A parola acabara; xa era hora de marchar. Pro nun se quería ir. Dende que se retirara, dende a súa... apoplexía, a muyer y as nenas tíanlo pechao na casa todos os días da semana agá a os martes. A os martes vestíanlo y acepiyábanlo, y deixábanye volver á ciudá a mandar el día. Aunque, a verdá, a muyer y as fiyas nun se podían figurar qué fía allí. Supoñían que dar a lata a os amigos... Ben, pode que si. Así y todo, agarrámonos a os nosos últimos place-res como s'agarra el árbol ás últimas foyas. Conque ei taba Woodifield, fumando un puro y observando cuase con ansia al xefe, que s'espoltuaba nel sou siyón, corpudo, rosao, cinco anos máis grande qu'él y einda con brío, einda al mando. Daba gusto vello.

Con señardá, con admiración, aquella voz veyo amecéu:

—¡Mialma táseye ben aquí!

—Si, é cómodo abondo —deuye a razón el xefe mentres pasaba as foyas del *Financial Times* con un abrecartas. Precisamente taba contento del sou despacho; gustábaye que yo chufaran, einda máis se el que yo chufaba era Woodifield. Dábaye un sentimento de satisfacción sólida y fonda tar prantao ei nel medio, ben á vista d'aquella figura froxa, d'aquel veyo envolto núa bufanda.

—Anovéilo hai pouco —esplicóu, como lo esplicara nas últimas, ¡cóntas?, semanas—. Alfombra nova —y señalóu el alfombra d'un encarnao vivo con un dibuxo d'aníyóis brancos—. Mobles novos —y apuntaba cua cabeza prá estanteiría firme y a mesa con patas como de caramelo retorto—. ¡Calefacción eléctrica! —cuase eufórico señalóu pras cinco salchichas trespresentes y anacaradas que tan suavemente calentaban na placa inclinada de cobre.

Pro nun señalóu al veyo a fotografía qu'había derriba da mesa. Era el retrato d'un rapaz serio, vesti-

do d'uniforme, que taba de pé nún d'esos parques espectrales de fotógrafo, con un fondo de nubres atorbuadas de fotógrafo. Nun era nova. Taba ei dende había máis de seis anos.

—Había daqué que ye quería dicir —dixo Woodifield, y os oyo arrasábanse al recordar—. ¿Qué era? Tíalo na cabeza condo salín da casa esta mañá.

As maos empezáronse a trembar y úas manchas coloradas salíronse por derriba da barba. Meu probe, ta nas últimas, pensóu el xefe. Y, sentíndose bondadoso, chisgóuyel o oyo al veyo y dixo bromiando:

—Xa sei. Teño aquí úas gotas de daqué que ye vai sentar ben antias de salir outra vez al frío. É úa maraviya. Nun ye iba fer mal nin a un neno.

Sacóu úa chave da cadía del reló, abriu un armario na parte baixa del sou escritorio y sacóu úa botella escura y regordeta.

—Ésta é a melecía —dixo—. Y el home que ya compréi cuntóume con todo el sacreto que procedía directamente das bodegas del castello de Windsor.

A Woodifield abríuse a boca condo la víu. Nun iba llevar máis sorpresa se el xefe chega a sacar un conexo.

—¿É whisky, ou qué? —dixo axeito.

El xefe deuye a volta á botella y amostróuyel con cariño a etiqueta. Era whisky.

—¿Nun sabe? —dixo el veyo, mirando pral xefe con admiración—, na casa nun me deixan nin tocaillo.

Y pintaba que s'iba poñer a chorar.

—Ah, ei é unde nosoutros sabemos un pouco máis qu'as muyeres —dixo el xefe, espurríndose derriba da mesa pr'atanguer dous vasos que taban al pé da botella del augua, y botando un dido arrogante en cada ún—. Béballo, haye a fer ben. Y nun ye poña augua. Iba ser un pecao apedrar úa cousa así. ¡Ah!

Tomóu el d'él d'un chope, sacóu el pano, llimpóu depresa os bigotes y chisgóuyel un oyo a Woodifield, qu'einda taba saboriando el d'él.

El veyo tragóu, tuvo callao un bocadín y despoís dixo axeitín:

—¿Sabe a noz!

Pro prestóuyel; foi caltrindo el sou cerebro veyo y aterecido... Acordóuse.

—Eso era —dixo costándoyel caro erguerse da butaca—. Supuxen que ye gustaría sabello. As nenas tuveron en Bélxica a semana pasada pra ver a tumba del probe Reggie, y deu a casualidá que pasaron por delante da del sou neno. Polo visto, tán ben cerquía úa del outra.

Woodifield callóu un bocadín, pro el xefe nun contestó. Namáis un trembido nel párpago deixóu ver que taba escuitando.

—As nenas quedaron encantadas del ben cuidao que ta todo aquello —dixo aquella voz veyá—. Teinlo mui guapo. Nun iba tar miyor se chegan a tar na casa. ¿Usté nun foi nunca, ou?

—¿Non, non! —Por úas contas razóns el xefe nun fora.

—Hai quilómetros enteros de tumbas —dixo Woodifield cua voz trebándoyel— y todo ta tan ben cuidao como un xardín. Hai flores en todas as tumbas. Y camíos ben anchos.

Pola voz notábaseyel cómo ye gustaban os camíos anchos.

Volvéu a haber outro silencio. Entoncias el veyo animóuse muito.

—¿Nun sabe cómo yes fixeron pagar ás nenas nel hotel por un bote de mermelada? —dixo—. ¡Dez francos! Eu a eso chámoyel arroubar. Diz Gertrude qu'era un botuco pequeno, non meirande qu'úa moneda de media corona. Nun tomaran máis qu'úa cuyarada y cobráronyos dez francos. Gertrude marchóu col bote pra daryes úa llección. Fexo ben; eso é querer fer negocio cos nosos sentimientos. Pensan que porque fomos alló a botar un oyo tamos dispostos a pagar cualquiera cousa. Eso é.

Y deu a volta camín da porta.

—¡Ten razón, ten razón! —dixo el xefe, aunque en realidá nun sabía muito ben de qué tía razón. Arrodióu el escritorio, acompañóu os sous pasíos lentos camín da porta y víu salir al compañeiro. Woodifield xa marchara.

El xefe tuvo un bocao largo parao allí, empabolao, mentres el ordenanza de pelo cardoxo, que lo taba mirando, entraba y salía da súa garita como un can qu'aguarda que lo saquen a pasiar.

Nesto:

—Nun vou ver a naide en media hora, Macey —dixo el xefe—. ¿Entendido? Pro a naide.

—Ta ben, señor.

A porta pechóuse, os pasos pesaos y firmes volveron a cruzar el alfombra chamadeira, aquel corpo gordo deixóuse cayer nel sou siyón molle y, botándose pra delante, el xefe tapóu a cara cuas maos. Quería, propuxérase, dispuxera qu'iba chorar...

Fora pra él úa conmoción terrible condo Woodifield soltóu el comentario sobre a sepultura del rapaz. Foi esactamente como se a terra s'abrira y lo vira allí deitao, cuas nenas de Woodifield mirándolo. Porque era raro. Aunque pasaran máis de seis anos, el xefe nunca pensara nel rapaz máis que como un corpo deitao sin cambeos, sin manchas, uniformao, durmido pra sempre. «¡Meu fiyo!», xeméu el xefe. Pro as llágrimas ainda nun vían. Antano, nos primeiros meses y hasta nos primeiros anos despóis de que morrera el neno, nun tía máis que pronunciar esas palabras pra que lo enchera un dolo desadorme que namáis un episodio violento de choros podía aliviar. El paso del tempo, dixera entoncias, y así lo atesara a todo el mundo, nunca iba cambiar miga. Pode qu'outros homes se recuperaran, pode qu'outros foran quen a aceptar a súa perda, pro él non. ¿Cómo iba ser posible? El sou neno era fiyo solo. Dende que nacera, el xefe trabayara y erguera este negocio pra él; nun tía xeito ningún se nun era pral neno. A vida mesma chegara a nun ter ningún outro xeito. ¿Cómo demontres iba poder él trabayar como un esclavo, sacrificarse y seguir adelan-

tre todos aquellos anos sin ter sempre presente a promesa de ver al fiyo nel sito d'él y seguindo dende unde él lo deixara?

Y esa promesa tuvera tan cerca de cumprirse... El rapaz tuvera na oficina aprendendo el oficio un ano entero antias da guerra. Cada mañá saliran xuntos y volveran nel mesmo tren. ¡Y qué felicitacióis recibiría por ser sou padre! Nun era raro; gobernábase muito ben. En conto á súa popularidá col personal, todos os empreaos, hasta Macey, el veyo, nun paraban de chufallo. Y nun era que lo tuveran apedrao. Non, él sempre tan argute y natural, cua palabra al xeito pra cada persona, con aquella traza tan de rapaz y el sou avezo de dicir: «¡Simplemente espléndido!».

Pro todo eso acabara, como se nunca esistira. Chegara el día en que Macey ye apurrira el telegrama col que todo el sou mundo esbarrumbara. «Sentimos muito dicirye que...». Y marchara da oficina destrozao, cua súa vida en ruinas.

Había seis anos, seis anos... ¡Qué axina pasaba el tempo! Pintaba que fora ayer. El xefe quitóu as maos da cara; sentíase confundido. Pintaba que daqué nun iba ben. Nun se taba sentindo como se quería sentir. Decidió erguense y mirar pral retrato del neno. Pro nun era úa das súas fotograffas favoritas; a espresión nun era natural. Era fría, cuase severa. El rapacín nunca fora asina.

Naquel momento el xefe reparóu en qu'úa mosca cayera nel sou tintero y taba tentando toda froxía, pro con desesperación, salir d'él. ¡Ausilio, ausilio!, dicían aquellas patas mentres texían. Pro os llaos del tinteiro taban moyaos y esbaraban; volvéu cayer y empezóu a nadar. El xefe piyóu úa pluma, sacóu a mosca da tinta y pousóula con un secudiyón nun pedazo de papel secante. Tuvo úa fracción de segundo quieto derriba da mancha escura que rezumaba alrededor d'ella. Despóis as patas delantreiras bulligaron, afixáronse y, erguendo el sou corpín empapao, empezóu el llabor inmenso de llimpar a tinta das alas. Por riba y por baxo, por riba y por baxo, pasaba a pata pol ala,

como pasa a pedra d'afilar por riba y por baxo da gadaña. Entoncias houbo úa paradía mentres a mosca, como posta de punteiras, tentaba d'abrir primeiro un ala y despóis el outra. Al cabo, foi quen, sentóuse y empezóu, como un gatín pequenín, a llimpar a cara. Agora ún podíase figurar qu'as patías delantreiras fregaban úa nel outra todas llixerías, contentas. Aquel peligro tan terrible xa pasara; safárase; taba preparada outra vez prá vida.

Pro xusto entoncias el xefe tuvo úa idea. Metéu outra vez a pluma nel tintero, fincóu a súa moñeca gorda nel secante y, mentres a mosca probaba as alas, cayéu úa gotúa derriba d'ella. ¿Cómo iba reaccionar? ¡Búa pregunta! A probe pintaba que taba acobardada, paralizada de todo, con medo a moverse polo que podese pasar despóis. Pro entoncias, como dolorida, arrastróuse pra delante. As patas delantreiras axenegáronse, cayeron fianza y, d'esta volta máis axeito, volvéu empezar dafeito col llabor.

É un diabrín ben arrecho, pensóu el xefe, y sentíu úa admiración de verdá pol coraxe da mosca. Así era como se tían qu'encarar os asuntos; ese era el xeito. Nunca te días por morto; namáis era cuestión de... Pro outra vez máis a mosca acabara a súa llaboría y al xefe cuase ye faltóu tempo pra recargar a pluma, y fer pingar derriba del corpo acabao de llimpar outro goteirón escuro. ¿Qué pasaría d'esta volta? Seguíu un bocadín ben dolioso d'espera. Pro, ¡mira-

de!, as patías delantreiras volvíanse a mover; el xefe sentíu un refolón d'alivio. Agachóuse derriba da mosca y díxoye con bioco: «Ah, cabroncía abeyuda». Hasta se ye ocurriu a idea brillante d'asoprar derriba d'ella pr'ayudarye nel proceso d' enxugar. Así y todo, agora había algo de tímido y froxo nos sous esforzos, y el xefe decidíu qu' ésta tía que ser el última vez, mentres fundía a pluma hasta el máis fondo del tintero.

Foilo. El última gota cayéu naquel secante empapao y aquella mosca mayada quedóu deitada nella y nun bulligóu. As patas traseiras taban apegadas al corpo; as delantreiras nun se vían.

—Hala —dixo el xefe—. ¡Espabila!

Y aballóu a cua pluma, pro en baldre. Nun pasóu miga, nin pasaría. A mosca taba morta.

El xefe erguéu el cadabre cua punta del abrecartas y tiróu á papeleira. Pro enchéu un sentimento de dolo tan agobiante que s'asustóu de verdá. Espurríuse pra delante y calcóu el timbre pra chamar a Macey.

—Traígame un secante llimpo —dixo todo serio—, y axina.

Y, mentres aquel can veyo marchaba someiro, empezóu a perguntar en qué tuvera pensando antías. ¿Qué era? Era... Sacóu el pano y pasóu por dentro del collo da camisa. Anque lo mataran, nun era quén a acordarse.

JOSÉ MANUEL CAMPOAMOR DE LAFUENTE (A VEIGA, 1892 - MUNRO, ARXENTINA, 1961) XUNTÓU Á SÚA VIDA BOHEMIA UNHA PASIÓN POLA LETRA ESCRITA QU'ESPLICA UNHA DEDICACIÓN BEN LARGA Á LITERATURA QUE, ASÍ E TODO, NUN YE FALTAN BALEIROS, DISCONTINUIDADES Y INCÓGNITAS.

A SÚA PRIMERA VOCACIÓN NUN TUVO A LITERATURA COMO PROTAGONISTA, SENÓN A MÚSICA, ARTE QU'ABORDÓU CON TAL AGAYO QU'A OS SEIS ANOS XA SABÍA DE MEMORIA EL *método Eslava* (UN HISTÓRICO MÉTODO DE SOLFEO IDEAO POR HILARIÓN ESLAVA) Y ESCRIBÍA MÚSICA AL DICTAO. EMPEZÓU NA CAPITAL DEL CONCEYO VEIGUEÑO OS SEUS ESTUDIOS NA ESCOLA DEL ÉSTAO, PRO AXINA PODERÍA VERSE QU'A PASIÓN QUE POÑÍA NEL CULTIVO DAS ARTES NUN TÍA CORRESPONDENCIA NA DEDICACIÓN E DISCIPLINA ACADÉMICA. AS SÚAS ANSIAS DE LIBERTÁ Y INDEPENDENCIA Y AS SÚAS FRECUENTES TRASNADAS FIXERON QUE SEU PADRE (PRESTIXOSO RELOXEIRO DA LOCALIDÁ) VISE EN MANDALO A AMÉRICA EL ÚNICA SOLUCIÓN PRA TREMPAR EL CARÁCTER GUERRIEIRO DEL FIYO.

ASÍ, EN 1908, CON 16 ANOS, JOSÉ MANUEL CAMPOAMOR DE LAFUENTE PARTE PRA CUBA, UNDE AS URXENCIAS ECONÓMICAS LO OBRIGARON A DESEMPEÑAR OCUPACIÓIS DEL MÁIS VARIAO: VIAXANTE DE COMERCIO; DEPENDENTE D'ULTRAMARINOS, TEXTIDOS OU LIBREIRÍA; MOZO

D'HOTEL; MAYORDOMO D'UN INXENIEIRO AZUCREIRO...; OFICIOS TODOS ELES QUE YE QUITABAN BEN VAGAR, PRO QUE NUN QUITABAN DE QU'AL TEMPO MEDRARA A QUE XA SE CONVERTIRA EN GRAN PASIÓN: EL CULTIVO LITERARIO E, MÁIS ESACTAMENTE, A VOCACIÓN POÉTICA.

EL SOU DEBÚ LITERARIO DÁSE NEL PERIÓDICO *El Vilareño*, DE SANTA CLARA, DEL QUE MÁIS TARDE CHEGARÍA A SER XEFE DE REDACCIÓN, ANQUE HA A SER NA REVISTA LITERARIA *Luz*, FUNDADA POL PROPIO CAMPOAMOR EN 1911, UNDE APARECERÍAN OS POEMAS QU'EMPEZARON A DARYE FAMA NOS CÍRCULOS LITERARIOS CUBANOS. DOUS ANOS DESPOÍS, EN 1913, APARECE EL SEU PRIMEIRO LIBRO, CON TÍTULO *Los poemas ingenuos* E CURIOSAMENTE IMPRESO EN VALLADOLID (ESPAÑA), E QUE CONTÓU CON UNHA ACOYIDA EXTRAORDINARIA DA CRÍTICA. EL POEMA QUE PRESENTAMOS, ÚNICA MOSTRA HASTA AGORA CONOCIDA EN GALEGO-ASTURIANO DA SÚA PRODUCCIÓN, FOI PUBLICAO COL SEU SEUDÓNIMO HABITUAL, «EL BACHILLER DE VEGADEO», NA REVISTA *Tierra gallega: semanario regional ilustrado* (N.º 41, 1917, PÁX. 4, MONTEVIDEO).

LUIS CASTELEIRO OLIVEROS


Lonxe da terra en que nacín

I

Brisas arroladoras que pasades
inflando as velas e rozando as olas...
¡Qué triste me deixades na ribeira...!
¡Quén me dera poder ir con vosoutras!

Dónde vades nun sei; naide lo sabe;
mais del amor primeiro a viva forza
faiame pensar que vades á mía terra
e quixera por eso ir con vosoutras.

Mais si nun pode ser, mentras que choro
por aquilo que foi a mía gloria...
a lo menos levádeme os suspiros
que me salen del alma nesta hora.



II

Afoga, corazón, as túas ansias,
que pesa muito el feixe dos recordos.
Sosega, corazón, nun m'atormentes,
que xa me dolen de chorar os oyo.

Ídevos, mouras penas da nostalxia,
qu'amargádesme a vida pouco a pouco.
Cálate, corazón, ídevos, penas;
deixádeme dormir, que teño sono.


Dormindo vexo as almas que me queren
e os encantos da terra por quen choro...
Hasta vexo as silveiras donde os merlos
cantan el seu amor, con pico d'ouro.

Dormindo son feliz; mentras que durmo
ábreme Dios as portas del seu trono.
Cala, pois, corazón, ídevos, penas;
¡deixádeme dormir, que teño sono!

EL BACHILLER DE VEGADEO

(Seudónimo de José Manuel Campoamor de
Lafuente)





MONCHO MARTÍNEZ CASTRO: *Cartografía de nayundes*.
TREA, 2009.

Queixas y layas nun mundo revolto

Nas xornadas sobre literatura en galego-asturiano qu'houbo na Veiga el outono pasado comentaba eu cómo a fala iba perdéndose pouco a pouco sin qu'a xente se dese conta y, el qu'é peor, sin que parecese importaryes muito; mentres qu'a literatura, sobre todo a poesía, el conto, el relato corto, taba tendo entre nosoutros un cultivo que nunca tal víramos.

Y é que se deixamos fora a os poetas nados aló al último del decinove, poetas que nos deixaron algunhos poemas soltos, muitos d'elos recoyidos na antoloxía *Unde letras falan* por Xosé Miguel Suárez, contamos agora con unha boa fornada d'autores en galego-asturiano. Unhos de máis edá y outros máis novos, nados ei polos anos 60 y 70, que siguen tendencias estéticas y temáticas actuales, que botan mao de referencias tanto da literatura española como da universal y que dicen entre si en utilizar a fala propia como medio de comunicación literaria. Con elo consiguen, d'unha parte, espresar as súas vivencias, as súas ideas, as súas intencióis; y, d'outra, reivindicar unha modalidá lingüística, na que naceron, que quizáis algún día, quén sabe, pode ser referente pra outros que veñán detrás.

A este último grupo de poetas novos pertenece Moncho Martínez Castro (*As Figueiras*, 1979) qu'agora saca á luz el primeiro libro de sou, *Cartografía de nayundes*. Xa ye publicaran *As terras del barruzo*, d'emparzao con *Pedras moles* d'Arturo Álvarez por ganaren el I Certame de poesía na fala Aira. Cuatro d'esos poemas amecéuyos a *Cartografía de nayundes*, que ten así

un total de dezoito poemas, dos qu'os catoce primeiros son novos.

Chama a atención xa el título, pois a pouco qu'ún se pare a pensar atopamos unha contradicción entre os termos *cartografía* e *nayundes*. Á precisión da palabra *cartografía* 'arte de trazar cartas xeográficas' oponyese a indeterminación de *nayundes* 'de ningún sitio, de ningunha parte'. Son palabras que, de primeira, guerrián entre elas, nun dicen unha col outra. Nesa contradicción bule Moncho dende el primeiro poema, onde nos confesa que quixo ser cartógrafo, pro que nun puido, porque el cartógrafo dá unha visión mui por riba da realidá que quer axustar, pro el mundo hai que velo dende dentro.

A contradicción, e a desorientación qu'esta trae consigo, vai ser unha constante nel libro. Moncho móvese entre a realidá que nun ye gusta miga —poemas como «Mundo» e «Estambul» poden ser unha boa mostra d'esa realidá fría, acidosa— e a laya por atopar un mundo miyor pral que nun encontra outro referente qu'a etapa de rapacín, «dos nosos sonhos de nenos / [...] daquela nana que nos enche de recordos». A visión é, pos, pesimista. Ben sei qu'a máis d'ún ye recorda el existencialismo dos poemas surrealistas dos poetas del 27. A Lorca, a Alberti e, por qué non, a Dámaso Alonso sonan algunhos versos d'este noso poeta. «Nos suburbios fríos, na derrota / [...] / nel túnel máis fondo / onde nun hai binocras / nin fornigas / nin ratas // Nel retozar tardío dos alacráis nas penas / nel luito tan branco das viudas máis mozas / [...] nas lágrimas sorbidas das bicicletas rotas / Vivimos».

Nun é d'extrañar que nese mundo el poeta s'encontre perdido: «¿Hacia únde vou eu?», pergúntase, «xa nun temos vento que nos guíe»... Pro é qu'ademáis parece atoparse solo. Cuando usa a primeira persona del plural nun é pra dicir que fai peiría con nai-de, senón pr'atesar qu'a soledá é algo consustancial cos demais tamén. As referencias á segunda persona, esa que ta máis chegada a ún, son escasas, sin elementos circunstanciales que la definan ou identifiquen, redu-

cida al puro pronome: «penso en ti / como nel mar, necesitando / saber que tas ei». Se analizamos estos versos a fondo vemos qu'a relación nun é directa, parece bastarye, como coel mar, con saber que ta. Eso alivia, quén lo duda, pro nun enche. Por eso nel poema «Bandeiras», despóis de confesar «lo que teño é señardá de ti», acaba dicindo «tar, pouco a pouco, einda máis solo».

Todo esto conforma esa terra de *nayundes*. ¿Qué se pode facer neste mundo avesío? Parece qu'hai unha saída: lutar pra qu'as cousas cambién, rebelarse contra ese mundo. Pro, outra vez el pesimismo: él nun ten máis qu'un arma, a pluma. Y mal asunto se a rebelión la tein que facer os poetas, e encima novos: «¿a quén ye importa el meu odio / si solo son un novo poeta?»

El libro, aunque corto, é mesto e, aunque puidera parecer disperso, ten unha clara unidá. Volve unha e outra vez a esa realidá que lo afoga, qu'aborrece, pro da que nun é doado salir. Unidá que vén favorecida tamén por ese tono de desesperanza que corre por abondos dos poemas e que nun xebran os amecidos d'*As terras del barruzo* senón que la completan: «Os xuncos bravos» compóin unha adversativa a «El combate» e «Paco». ¿Qué é senón unha conxuntiva a «Nel camín»? Péchase el libro coel poema «Epitafio», tamén da primeira publicación, a modo de carta a os vivos e a os mortos e a él mesmo, un tolo, coa esperanza de qu'algún lo recorde e lo chore un día.

Despós de ler este pequeno poemario quedaye a ún el convencemento de qu'él máis el que nos fai pensar qu'el que realmente nos dice. Moncho consigue, nun sei se sabedor ou non, atanigar máis qu'emocionar, esclarecer máis qu'apasionar. En todo esto ten muito que ver el estilo del que bota mao. El verso libre axuda el sou a darye un tono conversacional qu'a base de preguntas e respostas consigue interesar al lector, e el uso d'abondos paralelismos sintácticos apúrreye un ritmo machacón mui al xeito coa temática remaquihoa de desesperanza, soledá e rabia qu'atravesamos todo el libro.


Como se nos dice na contraportada, trátase d'un poemario limpio d'artificios porque Moncho tiróu pol camín da espresión directa, esa qu'ás veces dole, ás veces molesta y sempre desacouga porque sempre resulta auténtica.

Por último, hai qu'apuntar qu'el libro preséntase en edición bilingüe, en galego-asturiano y en castellano, pra qu'así podan lelo os que nun entendan ou yes coste trabayo entender a nosa fala. Anque penso que case nun feiría falta porque Moncho utiliza, como dixen máis enriba, unha espresión libre d'artificios y con un léxico sinxelo, mui de cadaldía, qu'agá algunhas palabras isladas nun resulta difícil.

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR







XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ, *Augua mansa*.
TRABE, 2008

Ouro de muita valía

Na poesía, como na vida, é máis importante (y efectivo) saber botar mao dos recursos qu'a ún ye tocan que dispoñer, sin máis, de muitos y botaos a perder. Hai personas dotadas de gran capacidá retórica y que, sicasí, nun son quen a poñer en marcha un artefacto d'esactitú y guapura —valia esta espresión por poema—, mentres qu'outros máis probemente dotaos fainlo despóis d'esaminar, conscientemente, as súas limitacións. Imos dicilo xa: pra un escritor é máis importante conocer el que lo limita como escritor que reconocer lo que lo engrandez. Escribir nun é fácil por muita facilidá que se teña pra escribir.

Esta lección tenla ben apresa Xosé Miguel Suárez Fernández (Mántaras, Tapia, 1965), un autor qu'escribe na variante galego-portuguesa de Tapia y que xa en 1990 se dera a conocer con úa *plaque*tescamente titulada *Bidureiras d'inverno*; cuatro anos despóis publicóu *Nas arribadas* y agora, editao por Trabe, presenta *Augua mansa*, un libro unde reaparecen as obsesións dos trabayos citaos transidas por un sentimento ben delicado da terra. Nun é Xosé Miguel Suárez Fernández un poeta de muitos tonos, nin falta que ye fai pra emocionar al lector: os tonos elexiaco y amoroso (que dacondo aparecen sabiamente mezcraos) abástanse y sóbranse al autor pra descubrir úa poesía nova y efectiva.

¿Nova? Si y non. Xosé Miguel Suárez Fernández, a pesar d'escribir en galego-asturiano, pódese considerar un autor da Segunda Promoción da Literatura Asturiana. Máis cerca de Pablo Antón Marín Estrada

ou Taresa Lorences que de Manuel Rivas ou Chus Pato, a familiaridá lingüística neste caso nun pesa tanto como outros aspectos de formación y experiencias. Os tópicos que desenvolve con xeito Xosé Miguel Suárez Fernández son os mesmos, ou mui aparecidos, a os que desenvolven Berta Piñán ou Esther Prieto. É verdá qu'ese sentimento da terra, caltrido por úa meditación amorosa fonda, pódese atopar tamén en autores galegos da década dos 50 como Manuel Marías ou Uxío Novoneyra (un autor que de seguro ha a entusiasmar a Xosé Miguel Suárez Fernández), pero a verdá é qu'a Segunda Promoción da Literatura Asturiana ten esa mesma deuda con esos autores, reconocida ou non.

Cuido que Xosé Miguel Suárez Fernández é sabedor d'esta filiación. Nel poema «Poesía nova» aclara al xeito d'úa poética: «Hasme a disculpar / as metáforas mansuñadas, / as aliteracións sobadas, / pero gozo féndolas renacer / nesta llingua veyá»; efectivamente, úa das características da poesía de Suárez Fernández é a esactitú lingüística —valia aquí esactitú lingüística por lealtá absoluta y rigor d'orfebre al hora de tresformar en ritmo, luz y significado a súa fala natal—. Esas metáforas mansuñadas, esas aliteracións sobadas, coyen un rixo novo condo renacen en galego-asturiano. A razón nun é lingüística namáis —cuido qu'el autor iba ser, se quixera, un poeta excelente en asturiano ou en galego—, senón qu'hai

outros aspectos que fain qu'os sous textos relumen con luz propia. Xosé Miguel Suárez Fernández sábese mover na limitación y failo de tal xeito qu'el que lemos é auténtica novedá. Valia esta observación, por exemplo, pola elexía qu'encabeza y dá nome al libro, «Augua mansa», unde se clama contra «el medo y el dolor» que sufrira un fusilao na Guerra Civil; valia pra «Úa palabra túa», unde se citan úas conocidísimas palabras del Evanxelio de San Xuan y que neste contestu coyen outro xeito, outra novedá: «Nun preciso máis collo / qu'a túa voz tépida, / porque hai tempo que sei / que, como a túa boca, / nun hai nayundes herba melecieira. // Mira ben qu'úa palabra túa / abasta pra sanarme».

El poeta dacondo recurre a úa narratividá sutil (como en «Anada» ou en «Obanza»), dacondo busca a contención lírica («Al aveiro», «Lletras de llúa...»); sempre é quen a darye, así y todo, úa sensación de verdá que, nel poema más axeitao del libro, «Mentiras», se consigue con úa enumeración de paradoxas emocionales.

Un libro excepcional, este d'*Augua mansa*; un libro por muitas razóns necesario y que vén a fundamentar a literatura galego-asturiana; «ouro de muita valía», que diz el autor referíndose ás palabras veyas y que nosoutros ye aplicamos ás de sou, novas dafeito.

XUAN BELLO



BELÉN RICO PRIETO: *Domingo y os animales*.
ILUSTRACIÓIS DE LULAS SOMOZA.
NOBEL, 2008.

El mundo de Domingo

El pasado 17 d'abril presentóuse en sociedade un novo título pra engordar as bibliotecas de galego-asturiano. Trátase del primeiro libro escrito por Belén Rico, veigüeña de nacemento y maestra de vocación, alomenos esa impresión é a que nos queda condo la oímos falar del sou labor docente núa escola rural, del día a día del sou trabayo, da ilusión polas pequenas cousas que la levan a estremar lo diferente, lo individual de cada pequeno que se senta cada día nel pupitre da súa clase. Esa escola rural ule einda a pasado, pero como dice a autora «no bon, non nel atraso», úa Arcadia feliz na qu'os nenos conocen y usan el galego-asturiano y se relacionan cuas personas mayores, os animales y a natureza sin présa, nun fluír natural, fresco y espontáneo.

Núa d'estas escolas rurales descubríu a Domingo, un neno de cinco anos que tía un daqué especial, «úa libertá inusual pra espresarse y vivir» que tresmitía con gran facilidá nos sous dibuxos. Da mao de Domingo y dos sous tres compañeiros de clase, Belén comparte con todos nosoutros esa infancia tranquila y feliz que —como dice a autora— todo neno debería disfrutar.

Dende a primeira páxina metémonos na visión peculiar que del mundo, del sou mundo, ten Domingo. Seguindo el filo conductor das imáxenes, Lulas Somoza, ilustradora del conto y compañeira del instituto da Veiga, cúntanos cómo vivíu ela a hestoria de Domingo y cómo ye deu vida en imáxenes.

Todo empezou con úa carpeta de folios con dibuxos del neno que Belén soupo recoyer como úa ayalga, el conto escrito en folio y medio, y toda a ilusión qu'a autora ye soupo dar. El aventura enganchóula de tal xeito que dende el primeiro momento xa puido Lulas visualizar a portada, a historia feita imaxe. Presentábaseye un duro trabayo, porque dende el empezo tuvo claro que quería conseguir que nel resultado final a imaxe nun pisase el testo, que se respetase a hestoria al máximo, qu'incluíse os dibuxos de Domingo y que quedase tamén impreso a marca d'ela mesma como dibuxante.

Sin présa, a xogo col espacio rural nel que se movía, dedicóuyee tempo abondo, condo yo pedía el corpo, condo la chamaba el espíritu creador. D'este xeito conseguíu crear al protagonista, sin foto algúa, imaxinando al neno que cuntaba a hestoria, vestíndolo sempre igual, recurso da literatura infantil pra qu'el novo lector nun perdese nunca de vista al protagonista. Col personaxe principal creado, solo ye quedaba xa dixitalizar os dibuxos del neno y empezar a xugar, porque foi así como lo imaxinou, como úa relación lúdica entre ela, el personaxe creado a través dos sous dibuxos y el testo da escritora.

Respetando el grafismo, a frescura del trazo infantil, xugando col tamaño dos dibuxos, col color, cua repetición dos mesmos, cua situación nel espacio y cua súa propia aportación artística —como el núme-

ro sete, símbolo que se repite a lo largo del obra artística da autora en imáxenes simples repetidas nel espacio, xugando col color ou el tamaño: sete son as xirafas da primeira páxina, sete veces se repite a vaca de Domingo, sete pares de pitíos ten a piada, sete cochíos, sete gatos...— empeza el xogo entre os dous ilustradores del conto, Domingo y Lulas, entremezcrándose as imáxenes d'un y del outra, interactuando continuamente.

Concebindo el resultado como un todo unitario, como un metadibuxo, conseguimos ver el retrato del neno dibuxando xa dende a mesma portada. Con linias xinxelas créase el decorado unde el protagonista se perde al final del relato; a alimaña que tememos que coya al protagonista recórdanos a ballena que come a Pinocho y que resulta, al final, el sito unde se reencontran padre y fiyo.

A nosa Geppetto crea a Domingo en papel, de tal forma que xa nos costa imaxinalo con forma humana y, por fin, nel última páxina, al acabar el xogo, vólveye todos os dibuxos al neno, qu'él recoye nun fardel de vivencias que xa os lectores compartimos y que nos recorda a ese neno que todos levamos dentro, como ye gusta dicir á ilustradora. Decía Picasso que tuvera que chegar a veyo pra poder volver dibuxar como un neno. Esa é a idea de frescura que destila este conto. Un placer.

MÓNICA LOZA LÓPEZ



AURORA GARCÍA RIVAS: *Rebelión na caixa máxica*.
ILUSTRACIÓIS DE JUAN DÍAZ-FAES.
TRABE, 2009.

Un conto pra saber compartir

Cando m'encargaron a reseña d'este conto de García Rivas sólo tiña claro unha cousa: había que poñerse maos á obra.

Teño que reconocer qu'empredo este viaxe sen bagaxe nengún, coas maletas practicamente baleiras. Lonxe quedan aqueles anos nos que gozaba coa lectura de literatura infantil e, pra máis, nun teño fillos, polo que nun é d'extrañar qu'este labor me dese, a priori, certo medo.

Da autora, Aurora García Rivas, nun pretendo descubrir nada novo. É, sen duda, ún dos referentes máis importantes da literatura escrita en galego-asturiano, na súa variante máis occidental.

Anque lle presta definirse como poeta, a autora de San Tiso d'Abres é ademáis referencia obrigada noutros xéneros, como o da narrativa pr'adultos.

Nestes últimos tempos escribiu tamén deles contos pensando nos máis pequenos da casa. O ano pasao publicou *Cinco contos pra xogar coa música* y agora chegan *La flauta del sapo* (en castellano) e *Rebelión na caixa máxica*. É de supoñer que nun van ser os últimos se temos en conta qu'a autora ten pensao dedicarlle máis tempo á literatura pra nenos, campo no que confesa sentirse mui a gusto.

Rebelión na caixa máxica trata d'unha caixa da que sale cualquera cousa que lle pidan os nenos. Velando por ela temos a Alicia, unha fada encargada de que todo o que salia volva a ela. Nun momento dao a caixa rebélase ante a pouca conformidá qu'amostran ter os nenos.

Como en moitos contos destinaos ó público infantil hai unha moralexa ou, polo menos, unha intención: en *Rebelión na caixa máxica*, a necesidá de qu'os máis pequenos aprendan a compartir aquilo que lles gusta ou que tantas satisfaccióis lles da.

O elemento máxico ta presente dende o mesmo empezo do conto, porque en palabras da autora «nun se lles debe privar ós nenos d'ela, qu'ó fin e ó cabo é o seu mundo natural».

As ilustracióis, a cargo de Juan Díaz-Faes, son, unha vez máis, un importante reclamo pros nenos y un perfecto complemento da lectura. Son dibuxos chamadeiros, qu'ocupan boa parte da páxina e que van guiando ó neno, axudándolle a poñer caras y imáxenes ó que ta lendo ou lle acaban de ler.

Pra rematar, *Rebelión da caixa máxica* é unha boa mostra de literatura infantil, un conto educativo que busca fomentar a solidaridá entre os máis pequenos, aprendendo a renunciar a aquilo que lles gusta e saber compartilo con outros nenos.

Dende eiquí animamos a García Rivas a que siga escribindo pra os máis pequenos da casa e pra todos os nenos adormecidos que levamos dentro os que xa peñamos as primeiras canas...

FANNY LÓPEZ VALLEDOR





MARISA LÓPEZ DIZ: *Binoca*.
ILUSTRACIÓIS DE TINA GARCÍA.
PINTAR PINTAR, 2008.

El espírito dos libros

—Pásame a *Binoca*.

—¿Pos? ¿Vas ás barbadas a estas horas? Ademáis, nun son *binocas*, son *minocas*.

—¿Qué tolluras dices? ¿Tas fato ou qué?

—Nun sei; como me pediche a *minoca*, penséi qu'irías pescar.

—Cada día tas máis apampaniao; pídoche *Binoca*, ese llibro que chegou á Biblioteca fai poucas semanas y túvenlo llendo estos días y quería comprobar úas palabras que ye puxen núa redacción á profesora de Gallego-Asturiano y díxome que taban mal.

—Nun m'estraña; se ye puxiche *binoca*, diríache qu'é *minoca*; meu bolo sempre dice *minoca* y prepara *minocada* pra ir ás barbadas.

—Pos mira, listo; dícese *binoca*, tamén *minoca* y noutro llibro que vin fai pouco, y que penso que lo escribiu ún das Figueiras, escribe *binocra* y un tío meu, que veu d'Abres, chámayes *biocas* y un vecín de mía bola dice que son *merucos*. Ben sei qu'inda haberá outros dous ou tres xeitos de chamaryes a esos bichos. A nosa fala é mui rica y ten abondas palabras pra dicir lo mesmo, así cada ún pode escoyer a que máis ye gusta; pero como tu nun lles úa foya, pensas que solo existe lo qu'ouguiche na túa casa. Déixate de zimprayadas: *Binoca* é el nome d'un neno, el protagonista d'un llibro qu'amañaron d'emparzao Marisa López Diz y Tina García y qu'a min gustóume lamar, anque ye atopéi daqué raro.

Tían esta conversación dous rapaces na biblioteca da mía escola el outro día. Ún era Paco del Roxo,

un neno regordeto que se gurisma cos llibros máis qu'un gato con úa sardía pescada de pouco; el outro era el sou amigo. Sempre tán xuntos, anque a él nun ye gusta miga ller; é un arfolín que se divirte fendo trasnadas y xogando cos animais.

Condo me puxen a escribir us renglóis sobre *Binoca*, un texto de Marisa López Diz y muito ben ilustraio por Tina García, veume á memoria a conversación d'estos dous rapaces, y decatéime de qu'os llibros son fontes qu'anagan as cabezas dos nenos, os que, sin saliren dos sous poblos, viven tantas vidas como atopan nas aventuras dos contos que papan agayosos. Por eso ha ser ben importante esmolerse por ter llimpas as auguas das fontes, esbouzar as veiras pr'arrincar el mullido y as herbas ventureiras que nun deixan ver el manantial y abrir bus regueiros pra qu'enchumacen as pradeirías das cabezas y corazóis dos nenos.

Sempre me picóu a curiosidá por saber qué haberá nos llibros pra qu'os nenos s'agarran a ellos viaxando pollos carricovos da imaxinación y nun los solten hasta acabar el última palabra; case parece que se rellamben al pechallos. ¡É búa pena que nun haxa máis llibros pra nenos, escritos en gallego-asturiano! Dende aquel primeiro *Xelín y Toxo* qu'amañaran cuatro maestros de Tapia nel ano 1995, houbo qu'esperar abondo tempo pr'atopar úa recopilación de contos: *Cousas de xente pequenía*, escrito pollos nenos das escolas d'Entrambasauguas. Énchenos de contento ver que nos últimos tempos tán aparecendo abondas obras pra nenos, non sólo *Binoca*: tamén outros nomes de escritoras como Aurora García Rivas, Belén Rico Prieto, Aurora Bermúdez Nava (y seguramente algún outro que deixo por ei esquecido) vein a agrandar a montueira de llibros prá xente máis nova. Esperamos que nun sía úa albencia pasaxeira y se convirta nun clarén duradeiro.

Escribir pra nenos cuido qu'é ún dos xéneros lliterarios máis complicaos qu'hai; sobre todo se nun se cai na tentación d'escribir como se agora fósemos

nenos nosoutros. El escribidor é adulto y, con muito, pode rememorar a súa infancia; pero nun pode ser un neno que fale como un adulto d'hoi ou, lo qu'é pior, ferye dicir proxamiadas.

Dicía Máximo Gorki que pra os nenos escríbese igual que pra os adultos, pero miyor. Ben sei que quería dicir qu'hai qu'esmolerse muito máis na creación d'úa historia posible, d'úa historia que poda vivir na imaxinación del llector, anque s'asomeñe ben pouco á realidá; ei ta ás veces el secreto da búa lliteratura: atañigar a imaxinación abobada por úa realidá enformada pr'adultos y ferye recorrer al neno mundos chíos de novas ilusióis que ye fagan bullir al corazón.

Escribir pr'adultos é escribir prá intelixencia pero el escribidor de contos pra nenos failo pral corazón y de seguro que tamén los escribe dende el corazón. Como dice Natalia Pickouch, úa escritora ucraniana especialista en lliteratura infantil, «el neno pequeno vive feliz porque el único órgano que ye funciona é el corazón y el mundo que lo arrodiá síntelo como un mar d'amor dos sous padres hacia él».

Paréceme que Marisa López Diz é mui nenega y tamén escribú este llibro dende el corazón y asina lo declara na dedicatoria da primeira páxina: «Pra quen fai da vida un viaxe interminable dende el corazón» y seguro qu'a Paco del Roxo tamén ye tocóu el sou y llendo a *Binoca* atopóu El Espíritu dos Llibros que taba dentro y fóronse xuntos a correr as mesmas aventuras.

—¿Y de qué vai ese llibro del que me falas? —perguntóuye el sou amigo a Paco del Roxo.

—Pos vai d'un neno que se chama Ánxel, anque todos ye chaman *Binoca*, y un día, llendo un llibro veyo que sacara da escola, atopóu un personaxe misterioso que saltóu del llibro y púxose a falar con él. Era un «homín pequeno e veyo cúa barba blanca e un sombreiro de colores que levaba úa camisa azul y us pantalóis coloraos». Resultóu ser El Espíritu dos Llibros que taba allí atrapao y al abrir *Binoca* el llibro, quedóu en llibertá. De premio díxoye el Espíritu dos Llibros que tía dereto a un «viaxe máxico» y alló se

foron os dous correndo. Binoca metéuse pol furaco d'un nño de picatoros (ou petos) y pasáronye lamar de cousas: atopa úa ra prisioneira da Bruxa Marela y axúdaye a escapar; ta col Home del Tempo, que vivía nua casa chía de relós; vai ver al Veyo dos Inventos; nel Castelo de Pedra Moura, unde vive a Bruxa, pásanye úas cousas terribles. Atopóuse con muitos animais, ús que queren comello —os cocodrilos, as colobras, el araña— y outros que ye axudan: el picatoros, as tortugas, el rinchín, el xabaryl, un can, úa cabra y hasta docías de vésporas d'un avispeiro. Por fin, A Veya das Herbas devólvelo á súa casa, unde lo esperan súa madre y súa bola.

—¡Mialma hai tantos animais nese llibro! Pos a lo meyor gústame a min.

—¡Claro! Toma, llévalo y xa me contarás condo lo acabes.

Teño a certeza de qu'al amigo de Paco del Roxo haye a gustar el llibro tanto como a él; ademáis, descubrirá outras cousas que nun ye dixo Paco. El llibro de Marisa López e úa lección d'amistá y arrogancia. A lo llargo das cincuenta páxinas d'esta historia vamos descubriendo cómo el amistá de Binoca cos animais y outros seres váleye pra salir dos apuros nos que se mete; pero esta axuda parece un regalo pol bon corazón que ten Binoca, polla súa arrogancia cua xente. D'este xeito, vémoslo meterse en xareos pr'axudar a resolver úa *couselía* á ranía, preguntarye a úa veyá se ye fai daqué de trabayo, sacarye augua del pozo a úa muyería aunque tía abonda présa y, sobre todo, arriscar a vida pra llograr a Flor de Cristal y regalarya á Veya das Herbas.

Neste mundo interesao nel que naide fai nada sin pedir daqué a cambio, Binoca resulta un bon exemplo de gratuidá, d'arrogancia pra os nenos d'hoi. Marisa López soupo inventar un personaxe creíble, Binoca, un neno que se move polla bondá natural del sou

corazón y que, a pesar dos espolíos nos que se mete, amaña de chegar a bon porto.

Por outro llao, hemos a resaltar os dibuxos del llibro, feitos por Tina García. Con us trazos xinxellos y us colores pálidos dáyes vida a os personaxes del conto. Os xestos da cara, as posturas dos corpos dannos úa imaxe da historia como se la tuvéramos vendo nel cine ou na realidá. Tina conseguíu ver muito ben el espíritu da restra de personaxes que creóu Marisa López.

Se el llibro que vos presentamos ten muitas cousas búas, hemos a dicir tamén que xurden algús erros ortográficos, sintácticos y léxicos qu'apedran un llibro que tía que tar nas maos de todos os nenos da comarca. Condo Paco del Roxo dicía que ye vía nun sei qué cousas raras al llibro, referíase a esto; por un llao, chocábanye os aumentativos propios da zona de Grandas, dunde é orixinaria a escritora: *pedroa*, *vozoa*, *portoa*... pero, por outro, taban úas construccióis y úas palabras qu'a maestra de Gallego-Asturiano sempre yas correxía condo las poñía nos sous escritos. Formas verbales como: «pañó», «escuitó», «petó», «perguntó»... (por *pañóu*, *escuitóu*, *petóu*, *perguntóu*...); «dio», «toi», «voi», «sou», «tes»... (por *deu*, *tou*, *vou*, *soi-son*, *teis*...); frases con pronomes: «ven, vou enseñarte úa cousa» (por *vou enseñarche*), «quer que la axude» (por *quer que ye axude*), «vou levarche» (por *vou levarte*); diptongacióis del tipo «*pedroa*» (por *pedroa*), «*puertía*» (por *portía*), y outros exemplos como «*quexaba*» (por *queixaba*), «*suelo*» (por *tarrén*), «*nunos*» (por *nus*)...

Foi búa pena nun cuidar a edición, pos el texto y as ilustracióis merecíanlo, pero a ben seguro qu'haberá úa reedición y poderá meyorarse.

IGNACIO VARES





AURORA BERMÚDEZ NAVA: *Como el can y el gato*.
ILUSTRACIÓIS DE NETO.
SECRETARÍA LINGÜÍSTICA DEL NAVIA-EO, 2009.

Entre ermaos...

A escritora da Caridá Aurora Bermúdez Nava estrénase con mui bon pé na literatura infantil col conto *Como el can y el gato*, editao pola Academia da Lingua Asturiana, pasando éste a formar parte del *corpus* de libros en galego-asturiano da Secretaría Lingüística del Navia-Eo.

Xa de por sí el texto chama a atención, pero ademá ta acompañao en cada ún dos capítulos polas ilustracióis de Neto, que reflexan con muita gracia, e mui-to inxenio —como é el seo costume— el que se vai contando.

A narrativa vai da mao d'un recurso mui particular: son Toño (el can) y Ana (el gato), os dous ermaos protagonistas del conto, os que nos contan as súas andanzas y aventuras. Toño fala d'Ana y Ana fala de Toño, situación que ye dá al relato unha gracia y unha retranca propia d'esta zona e qu'a autora soupo usar con muito acerto. Esto pódese apreciar muito ben especialmente nel capítulo «As presentacióis», pero tampouco se queda atrás en gracia e sorna el de «El empezo», unde Toño nos conta cómo veu súa ermá prá casa y a *gracia* que ye fixo a él a chegada d'unha nena coa que, según él nos dice, «¡Llevéi úa desilusión bárbara!».

Nos dez capítulos vanse narrando as cousas que yes pasan a estos rapacíos que viven nun sito da marina d'Entrambasauguas, «nunha casa das d'antias» que nun cambiarían por nada, según eles mesmos contan. A autora manexa con habilidá as descripcióis d'unha casa propia d'esta zona, d'unha persona —os ermaos

describábase ún al outro—, dos costumes d'estes sitios —como nel capítulo «Venera estrapellada», por exemplo—, pero tamen acerta al contar cómo son as relacións cos vecíos, el cariño polos maiores —os nenos viven con súa abola—, ou el paisaxe cos ríos e prayas nel capítulo de «Porcía». ¡Cómo faltar el augua na terra d'Entrambasaguas!

Todos os capítulos nos embitiyan. Son mui chocantes «A fonte», «A primeira comunión de mía ermá» ou «As mascotas», pero tamén nos rimos col de «Un bon truiteiro» e col de «Un enfermo mui especial».

Pouco a pouco os dous nenos y a súa familia, a madre, el padre, a abola, el sitio onde viven... vannos embelecando, enchendo de tenrura, e lese el libro sempre con media sonrisa ou ás veces botando risotadas. Nun é nin más nin menos qu'el relato d'unha realidá, alí dunde hai dous ermaos pequenos hai pelusa, pero... hai cariño a embozadas.

A madre dos rapacíos reclama nel «Acabo» el dereto a dar unha opinión sobre el que yes topóu escrito a eles, que nun é nin más nin menos qu'estas historias; ela é quen pensa, según Toño, que sempre tan

«como el can y el gato», e xa nos dice neste capítulo qu'hai que ter pacencia cos cais e cos gatos, pero que nun podería vivir sin eles.

Éste é un dos libros, poucos, qu'hasta agora hai pa nenos en galego-asturiano e que nas escolas han aprofitar muito os docentes. Aurora Bermúdez, escritora d'este acerto literario, conoce ben el mundo das escolas xa qu'ela é unha maestra que levóu el galego-asturiano ás aulas muitos anos. Pódese dicir esto sin equivoco, xa que ten esperiencia nel mundo dos contos infantiles en galego-asturiano; más d'unha vez y de dúas, xahora, narróu, inventóu e dramatizóu contos cos alumnos y alumnas.

Como el can y el gato ten un ben merecido soporte nel papel. Esperamos qu'as aventuras de Toño y Ana sigan divertíndonos. Gastaremos toda a pacencia que faga falta, según nos recomenda a autora, con tal d'enterarnos del que yes vaya pasando a Toño y Ana.

Ben se sabe qu'estos rapacíos nun han ter duda, que xa lo dice el refrán:

Entre ermaos nun metas as maos.

BELÉN RICO PRIETO









EXEMPLAR DE BALDRE



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

CONSEYERÍA DE CULTURA Y TURISMO